Sobre o destino previsto pola Xunta de Galicia para o antigo Hospital do Rebullón, a realización dalgún estudo para a recuperación do edificio e as súas intencións respecto da consignación dalgunha partida orzamentaria para ese fin, así como a existencia dalgún convenio para o seu uso

- 25267 - 18287 (10/PRE-006658)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que se van levar a cabo para a ampliación do bloque cirúrxico e a mellora da área da ambulancia anunciadas polo Goberno galego no Hospital de Valdeorras, e os datos ao respecto

- 25266 - 18304 (10/PRE-006659)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a data e as condicións de apertura previstas polo Goberno galego para o novo edificio do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, así como o custo total das obras

- 25482 - 18441 (10/PRE-006662)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o cumprimento do compromiso referido ao arranxo das deficiencias existentes no Centro de Saúde de Marín, así como o mantemento de conversas coa alcaldesa ao respecto

- 25481 - 18450 (10/PRE-006664)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Vero, Paula e 2 máis

Sobre as xestións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para garantir a subministración ás farmacias galegas do medicamento denominado Trangorex para o tratamento de arritmias, o mantemento dalgún contacto ao respecto co laboratorio subministrador e as razóns da súa dispoñibilidade nas farmacias portuguesas

- 24970 - 18705 (10/PRE-006668)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Vero, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa suficiencia dos recursos destinados á atención ás persoas sen fogar en Galicia, as actuacións previstas para impulsar políticas enmarcadas nos obxectivos da Estratexia nacional integral para persoas sen fogar 2015-2020 e as medidas de prevención que vai promover ao respecto

- 25478 - 19347 (10/PRE-006686)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre os estudos ou as valoracións realizadas polo Sergas en relación coa doenza de Behçet, a existencia dalgún protocolo de actuación para esa enfermidade e as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento dalgún tipo de información e investigación ao respecto

- 25526 - 19528 (10/PRE-006694)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida aos beneficios da lactación materna, as actuacións que está a levar a cabo para impulsala e o seu coñecemento das condicións que presentan as instalacións da área de lactación do Hospital Provincial de Pontevedra, así como as súas previsións respecto da consignación, para o ano 2018, dunha partida orzamentaria específica para a reforma dese hospital

- 25477 - 19614 (10/PRE-006695)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coas deficiencias que presenta a dotación de servizos do Centro de Saúde das Pontes de García Rodríguez segundo o establecido no volume de persoal asignado, a garantía de mantemento do seu número de profesionais substituindo a totalidade das baixas e vacacións do persoal, así como a súa opinión referida á posibilidade de dotalo dun equipo de radioloxía, e as previsións ao respecto

- 25021 - 19626 (10/PRE-006696)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego en relación co conflito laboral de Bershka na provincia de Pontevedra e o tratamento que lle están a dar os medios de comunicación públicos de Galicia, así como as súas previsións referidas á procura dunha solución ao respecto

- 25525 - 19648 (10/PRE-006697)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as razóns das continuas demoras na apertura do Centro de Saúde do Couto, en Ourense, as do atraso no inicio das obras de urbanización do seu contorno e os prazos previstos para o remate e posta en funcionamento do centro, así como a dotación nel dunha zona de acceso e de prazas de aparcamento para as persoas con discapacidade

- 25018 - 19721 (10/PRE-006700)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas pola Xunta de Galicia en relación co conflito laboral da empresa Bershka na provincia de Pontevedra para garantir o dereito á non discriminación laboral por razóns de orixe establecida no artigo 17 do Estatuto dos Traballadores, así como a data prevista para a presentación dun informe referido á Mesa de diálogo creada entre a patronal e os sindicatos, coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, segundo o acordo parlamentario do 28 de decembro de 2016

- 25265 - 19903 (10/PRE-006703)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da cobertura da baixa da facultativa do Centro de Saúde de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa

- 24854 - 20032 (10/PRE-006704)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para manter pechado o Centro Galego de Desenvolvemento Integral, situado no barrio de Salgueiriños, en Santiago de Compostela, o prazo previsto para a súa

posta en marcha a pleno rendemento e o orzamento que se vai destinar, así como as actuacións previstas nel no ano 2018, o modelo de xestión e o cadro de persoal que vai ter

- 25524 - 20037 (10/PRE-006705)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa atención e servizos sanitarios dispoñibles na actualidade no concello de Cedeira, a necesidade de ampliar o centro de saúde e a posibilidade de chegar a un acordo co Concello para ese fin

- 24891 - 20046 (10/PRE-006707)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre o coñecemento, a valoración e as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación coas condicións de accesibilidade existentes para as persoas con discapacidade no Centro de Saúde Novoa Santos, de Ourense, as actuacións que vai levar a cabo no ano 2018 para paliar os problemas de accesibilidade que hai na comunidade autónoma e a súa dotación orzamentaria, así como as levadas a cabo e o investimento realizado para ese fin desde a entrada en vigor do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro

- 25472 - 20275 (10/PRE-006710)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación co traslado ao novo edificio da Estrada da atención das urxencias médicas

- 25471 - 20280 (10/PRE-006711)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre os problemas existentes en relación coas obras de construción do centro de saúde de Gondomar comprometido e as actuacións previstas polo Goberno galego para resolvelos

- 25470 - 20367 (10/PRE-006712)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a opinión do Goberno galego referida á incidencia que están a ter as carencias e deficiencias denunciadas polos profesionais e persoas usuarias do transporte sanitario urxente na garantía dun servizo de calidade e dunhas condicións laborais dignas, o control que está a levar a cabo en relación co servizo que prestan as empresas concesionarias, así como as actuacións previstas ao respecto

- 25522 - 20487 (10/PRE-006714)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a situación en que se atopa a asistencia sanitaria na vila de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa, e a solución prevista pola Xunta de Galicia ao respecto

- 25520 - 20677 (10/PRE-006715)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a situación en que se atopa a asistencia sanitaria no concello de Trazo e a solución prevista pola Xunta de Galicia ao respecto

- 25264 - 20720 (10/PRE-006716)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a situación da infraestrutura e a dotación de persoal de enfermaría no Hospital Comarcal de Monforte

- 25263 - 20767 (10/PRE-006717)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a realización polo Goberno galego dalgunha avaliación da necesidade de crear un punto de atención continuada específico para os concellos de Barbadás, San Cibrao das Viñas e Toén, a súa opinión referida ás condicións nas que se atopa a atención sanitaria neles e as actuacións levadas a cabo ou previstas para atender as novas necesidades xeradas diante do aumento da poboación no concello de Barbadás e o seu contorno

- 25674 - 20786 (10/PRE-006718)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa demora existente no desenvolvemento normativo da Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia, as razóns da non publicación do decreto regulador antes do inicio da tramitación dos orzamentos para o ano 2018 e o establecemento dun proceso de consultas coas entidades e colectivos sociais para a súa redacción, así como os datos referidos á tramitación das solicitudes presentadas no ano 2017 para a concesión da Risga e as previsións ao respecto para o ano 2018

- 25518 - 20863 (10/PRE-006719)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a valoración da Consellería de Sanidade respecto dos problemas habituais que se están a producir no Centro de Saúde da Illa de Arousa, como consecuencia das deficiencias existentes nas súas instalacións e da non cobertura das baixas e vacacións dos seus profesionais, o cronograma previsto para a execución e posta en funcionamento das obras de ampliación e mellora do centro e a garantía da cobertura nel das ausencias dos profesionais titulares, así como o reforzo do servizo na época do verán

- 25468 - 20928 (10/PRE-006721)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non cubrir axeitadamente os permisos do persoal facultativo do Centro de Saúde das Pontes de García Rodríguez, o prazo estimado para o arranxo das

deficiencias estruturais que presenta o seu edificio e as súas previsións respecto da dotación a ese centro dun aparello de raios X, así como do persoal necesario para o seu funcionamento

- 25552 - 21033 (10/PRE-006724)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as razóns do Goberno galego para recortar as achegas de axudas públicas a entidades de apoio a persoas afectadas polo VIH, ou sida, e manter unha dotación orzamentaria insuficiente para o desenvolvemento do Programa de loita contra as drogodependencias, a realización dalgunha avaliación da implantación e dos resultados do Plan galego anti VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual para o período 2015-2018 e a súa valoración ao respecto

- 25467 - 21053 (10/PRE-006725)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Consellería de Sanidade para solucionar as deficiencias existentes no funcionamento da Unidade Específica de Asbestose do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol, o protocolo que se está a aplicar para derivar a atención primaria aos doentes afectados e a solución prevista para o tratamento das persoas con patoloxías causadas polo amianto e que residan fóra da área sanitaria de Ferrol

- 25664 - 21087 (10/PRE-006726)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Vero, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coas condicións de cancelación do servizo das casas niño e a necesidade de modificar a Orde do 6 de maio de 2016 establecendo a posibilidade de suspendelo sen que supoña a devolución íntegra da prima de apoio, a posible valoración doutro tipo de relación laboral coas persoas titulares e a viabilidade dese sistema, así como as súas razóns para non dar resposta escrita ás solicitudes realizadas por unha persoa titular dunha casa niño

- 25464 - 21187 (10/PRE-006728)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o nomeamento da ex-conselleira de Sanidade para a dirección da empresa pública Galaria, encargada de xestionar a alta tecnoloxía do Sergas

- 25463 - 21476 (10/PRE-006730)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Vero, Paula e 2 máis

Sobre o prazo previsto polo Sergas para a realización das melloras necesarias no Hospital de Monforte, a súa opinión referida á suficiencia da dotación orzamentaria consignada para ese fin para o ano 2018 e as súas intencións en relación co mantemento da actual dependencia de Lugo do servizo de mantemento do centro, así como a existencia dalgún informe técnico respecto do estado da fachada

- 25460 - 21539 (10/PRE-006734)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia da necesidade de mellorar os cadros de persoal dos hospitais do Sergas co fin de reducir as situacións de saturación nos servizos de urxencias, os tempos de espera aceptables para a primeira atención médica neles e o ingreso en planta e a data de coñecemento das previsións de colapso denunciadas polos profesionais e as organizacións sindicais, así como a suficiencia dos profesionais incrementados para atender a demanda

- 25745 - 22073 (10/PRE-006742)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a problemática do Punto de Encontro Familiar de Pontevedra e a oportunidade de situalo no edificio en rehabilitación propiedade da Xunta de Galicia sito na rúa Benito Corbal

- 25038 - 12772 (10/PRE-006754)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre a aplicación definitiva do proxecto Dragado ambiental dos sedimentos da ría do Burgo

- 25498 - 12784 (10/PRE-006756)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego relacionadas co incremento da superficie da Rede Natura 2000, o aumento do nivel de protección da biodiversidade, a modificación ou derogación do plan director e a utlización do Mecanismo de financiamento do capital natural, así como a cantidade de fondos comunitarios utilizados pola Xunta de Galicia destinados a financiar a Rede Natura 2000 desde 2009 a 2017

- 25680 - 12942 (10/PRE-006760)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 14 máis

Sobre o balance da Xunta de Galicia respecto das estacións intermodais e as datas previstas para acadar estas infraestruturas

- 25679 - 12977 (10/PRE-006769)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis

Sobre a non apertura do novo carril da autoestrada AP-9 no tramo coincidente co colexio Igrexa-Chapela (Redondela) mentres os nenos e as nenas non sexan trasladados ao novo colexio

- 25678 - 13056 (10/PRE-006771)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a situación da estrada AC-566, entre Valdoviño e Cedeira

- 25211 - 13059 (10/PRE-006772)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 3 máis

Sobre os problemas de saneamento existentes no concello de Barreiros e a inclusión nos orzamentos de 2018 das partidas necesarias para a construción dunha EDAR

- 25495 - 13736 (10/PRE-006784)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia do estado de conservación e coidado da enseada dos Pasales

- 25114 - 14017 (10/PRE-006806)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a intención da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de facer compatible a conservación do parque nacional e dos parques naturais de Galicica co seu desfrute, podéndose converter en grandes destinos turísticos

- 25111 - 14042 (10/PRE-006810)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o cumprimento en Galicia da Directiva 2008/50/CE sobre a calidade do aire ambiente e unha atmosfera máis limpa en Europa, e a Estratexia galega de loita contra o cambio climático

- 25371 - 14087 (10/PRE-006819)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as medidas que se teñen adoptado dende 2010 para a mellora da captación da auga no río Ulla e o abastecemento de tres comarcas do contorno, así como sobre o cumprimento por parte do Goberno galego da obriga de subministración de auga a todos os núcleos de poboación fixa de máis de 50 habitantes antes de 2025

- 25203 - 14100 (10/PRE-006823)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a posibilidade de prohibir o uso de microplásticos en produtos de uso humano e a súa substitución por alternativas naturais non contaminantes

- 25379 - 14113 (10/PRE-006824)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a celebración do Día Mundial do Medio Ambiente no Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán

- 25378 - 14115 (10/PRE-006825)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o tratamento de augas residuais urbanas en Galicia e o nivel de cumprimento do Plan de saneamento 2000-2015

- 25533 - 14508 (10/PRE-006837)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e Fernández Fernández, Raúl

Sobre a información do Goberno galego referida á situación xerada en Moaña tras a contratación pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda da explotación de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros, a súa opinión en relación co funcionamento das liñas existentes e as razóns da perda de frecuencias e paradas, así como as súas previsións ao respecto

- 25531 - 15205 (10/PRE-006850)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa posta en marcha da primeira fase do Plan de transporte público de Galicia, as súas previsións respecto da convocatoria dunha mesa para a elaboración dun novo plan que conte coa participación dos concellos, das deputacións, das ANPA, das empresas e dos sindicatos e os criterios que deben primar na súa elaboración e aprobación, así como a súa incardinación nun proxecto para o medio rural cuns obxectivos claros e concretos

- 25671 - 16129 (10/PRE-006860)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 3 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver a situación dos quince traballadores da anterior concesionaria da liña de autobús entre Ribadeo e Viveiro que deberían ser subrogados pola nova adxudicataria

- 25751 - 17555 (10/PRE-006876)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 3 máis

Sobre as demoras na chegada ás clases que veñen padecendo dende o inicio do curso os alumnos do CPI O Carballal que toman a liña integrada de transporte escolar da Pastoriza, as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para evitar novos atrasos e carencias nos servizos, como consecuencia da aplicación do Plan de transporte, e as súas razóns para favorecer nese plan un xigante empresarial en detrimento das pequenas e medianas empresas

- 25748 - 17820 (10/PRE-006879)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre o destino previsto pola Xunta de Galicia para os terreos que está a ocupar na actualidade a estación de autobuses de Ourense, tras o seu traslado á futura estación intermodal do AVE e as súas intencións en relación coa construción dun parque público neles, así como a recepción do acordo do Concello de Ourense ao respecto

- 25528 - 18582 (10/PRE-006889)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en materia de seguridade viaria na estrada PO-308, a realización dalgún estudo en relación cos problemas de seguridade existentes nela, así como a súa opinión respecto da necesidade de revisar a normativa referida ás estradas galegas

- 25670 - 18736 (10/PRE-006896)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da execución dalgún proxecto de mellora da seguridade viaria na estrada PO-551 ao seu paso pola parroquia de Ardán, no concello de Marín e, se é o caso, as actuacións que vai levar a cabo para ese fin

- 25094 - 19160 (10/PRE-006906)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as medidas especiais adoptadas polo Goberno galego ante os incendios forestais para controlar de xeito máis efectivo a calidade do aire, así como as recomendacións feitas ao conxunto da poboación e aos concellos máis afectados

- 25669 - 20471 (10/PRE-006924)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da calidade dos servizos que presta a nova concesionaria da liña de transporte por estrada XG521, Salvaterra de Miño-Vigo con anexos, a necesidade de reorganización e de adaptación de todas as rutas á Área Metropolitana de Vigo, así como as súas previsións en relación coa consideración das solicitudes presentadas para a modificación das liñas

- 25668 - 20666 (10/PRE-006932)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa situación en que se atopan os nove traballadores da anterior concesionaria da liña de autobús A Mariña-Viveiro-Ribadeo que deberían ser subrogados pola nova adxudicataria, así como as medidas adoptadas e/ou previstas ao respecto

- 25665 - 20804 (10/PRE-006935)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa autorización polo Ministerio de Fomento a Audasa da suba dun 3,1% das tarifas nas peaxes da AP-9 para o ano 2018 e o seu coñecemento ou participación nas conversas e no acordo final entre o Ministerio e a concesionaria, así como as actuacións previstas ao respecto e as súas razóns para non facer un estudo da viabilidade do rescate da concesión para a súa xestión pública

- 25276 - 20909 (10/PRE-006937)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre o número de visitantes que tivo nos últimos anos a praia das Catedrais, no concello de Ribadeo, o seu impacto no ecosistema e no contorno natural e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para protexela da masificación e, de xeito específico, cara ao Ano Xacobeo 2021, así como a avaliación que fai respecto do seu plan especial de protección e a súa opinión en relación coas medidas reflectidas nel

- 24969 - 21253 (10/PRE-006945)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis

Sobre a información do Goberno galego en relación cos prazos previstos para a licitación e execución do proxecto de dragaxe ambiental da ría do Burgo, a consignación dalgunha partida orzamentaria para participar no seu cofinanciamento e as medidas que vai adoptar para paliar as afeccións das obras de saneamento na actividade marisqueira da ría

- 25746 - 21283 (10/PRE-006947)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento do Plan de transporte público de Galicia, tendo en conta as necesidades de mobilidade da veciñanza do sur de Lugo, as actuacións que vai levar a cabo, así como as medidas que vai adoptar ao respecto

- 25461 - 21520 (10/PRE-006953)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 5 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego da posibilidade de axudar aqueles concellos pequenos que teñen dificultades económicas para actualizar o plan especial de protección do seu núcleo histórico, as medidas e o prazo previsto para apoiar o Concello de Corcubión na actualización do seu , así como a súa opinión respecto do carácter prioritario e simbólico desa colaboración e as intencións da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio referidas ao mantemento da xuntanza solicitada polo seu alcalde

- 25445 - 19446 (10/PRE-007047)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co estado no que se atopan os libros de texto de 3º e 5º curso de primaria pertencentes ao fondo solidario do CEIP Santa Baia, de Boiro, as razóns da demora na rúa renovación e as medidas que vai adoptar a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ao respecto

- 25442 - 20077 (10/PRE-007054)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a consignación da partida orzamentaria suficiente para dotar o alumnado do Colexio Santa Baia, de Boiro, dos libros de texto necesarios

- 25440 - 20308 (10/PRE-007057)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para recuperar as dúas pías medievais pertencentes á igrexa de San Xián de Moraime, no concello de Muxía

- 25439 - 20355 (10/PRE-007059)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir o dereito do alumnado con trastorno do espectro do autismo a unha educación inclusiva no sistema público de ensinanza

- 24813 - 19174 (10/PRE-007111)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre os datos referidos á publicación nos medios de comunicación da Declaración institucional da Xunta de Galicia en relación coa vaga de incendios rexistrada a mediados do mes de outubro de 2017, así como os criterios seguidos ao respecto

- 25270 - 19617 (10/PRE-007112)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para suprimir dez millóns de euros do incremento do gasto social para programas de interese xeral, para atender fins de interese social con cargo á asignación tributaria do IRPF

- 24786 - 12724 (10/PRE-007136)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre a modificación nos orzamentos do 2017 para levar a cabo a campaña do 25 de xullo de 2017, Día de Galicia

- 24956 - 13219 (10/PRE-007147)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o desenvolvemento do Plan de acollida para persoas refuxiadas en Galicia

- 24775 - 13656 (10/PRE-007154)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a presenza da lingua galega nos informativos de Televisión Española e os investimentos da Corporación da Radio e Televisión Española en materia de produción audiovisual en galego

- 24857 - 14163 (10/PRE-007201)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre os datos e medidas desenvolvidas pola Xunta de Galicia en relación coa localización e reasentamento de persoas refuxiadas no territorio galego

- 24856 - 19481 (10/PRE-007252)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co acollemento en España de persoas refuxiadas mediante a súa relocalización e reasentamento, a política migratoria do Goberno central e a implementación do Plan de acollemento en Galicia, así como as súas previsións referidas ao cumprimento dos obxectivos dese plan e as actuacións que vai poñer en marcha para a súa axilización

- 25037 - 13136 (10/PRE-007273)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 6 máis

Sobre o impulso do polo tecnolóxico e industrial de avións non tripulados no aeródromo de Rozas

- 25035 - 13155 (10/PRE-007277)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Novo Fariña, María Isabel e 6 máis

Sobre os investimentos e o desenvolvemento dos proxectos innovadores da automoción de Galicia por parte da *Business Factory Auto*

- 25033 - 13159 (10/PRE-007278)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego do inicio do Programa de unidades mixtas de investigación

- 25032 - 13161 (10/PRE-007279)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego da posta en marcha da Estratexia RIS3

- 25031 - 13163 (10/PRE-007280)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis

Sobre os resultados da aplicación da Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia

- 25028 - 13723 (10/PRE-007287)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre o impacto que as políticas comerciais do goberno dos Estados Unidos poden ter no sector galego da automoción

- 25023 - 17412 (10/PRE-007310)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre o mantemento pola Xunta de Galicia dalgunha xuntanza co Clúster da Automoción e as diferentes empresas para abordar a problemática derivada do novo escenario que se está a producir ao redor da industria da automoción, a súa opinión ao respecto e as solucións e axudas que se están a valorar, así como a definición destas en colaboración cos diferentes axentes económicos e sociais afectados

- 24815 - 17852 (10/PRE-007314)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 7 máis

Sobre os resultados da posta en marcha das aceleradoras de empresas en distintos puntos de Galicia e as previsións para a súa extensión

- 24814 - 17853 (10/PRE-007315)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 7 máis

Sobre as actuacións de impulso á innovación das empresas postas en marcha pola Administración autonómica a través da compra pública innovadora

- 25466 - 21077 (10/PRE-007425)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as razóns das reiteradas demoras na resolución das axudas para a implantación de medidas preventivas fronte aos ataques do lobo e do xabaril, a insuficiencia do prazo establecido para a súa xustificación e as previsións do Goberno galego ao respecto, así como as súas intencións en relación cos danos que ocasiona o porco bravo nos cultivos e as medidas que está a adoptar para controlar a súa poboación e diminuír o seu impacto na actividade agrogandeira

- 25447 - 15381 (10/PRE-007483)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as razóns de Portos de Galicia para demorar a execución dos convenios asinados co Concello de Poio para o acondicionamento das zonas portuarias de Covelo e Raxó e as previsións do Goberno galego respecto da súa posta en marcha fóra da época estival

- 24968 - 21254 (10/PRE-007519)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis

Sobre a información do Goberno galego en relación cos prazos previstos para a licitación e execución do proxecto de dragaxe ambiental da ría do Burgo, a consignación dalgunha partida orzamentaria para participar no seu cofinanciamento e as medidas que vai adoptar para paliar as afeccións das obras de saneamento na actividade marisqueira da ría

- 25204 - 22392 (10/PRE-007539)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia desde o pleno do pasado 17 de outubro de 2017 para garantir a viabilidade e a continuidade da empresa Maderas Iglesias

- 24763 - 22586 (10/PRE-007554)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel

Sobre o número de vivendas de uso turístico existente en cada un dos concellos de cada provincia de Galicia desde a entrada en vigor do Decreto 12/2017

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 15516** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os investimentos previstos polo Goberno galego nos terreos do Alto dos Vales para mellorar os equipamentos sanitarios de Lalín, os seus prazos de execución e as súas características, así como os usos que van ter e as melloras que vai poñer en marcha a Consellería de Sanidade na zona”**, (publicada no BOPG número 175 do 14 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde está realizando un Plan de Espazos da atención primaria do concello de Lalín, para acadar un plantexamento de programación dun dispositivo que permita unha Atención Integral en busca dunha optimización das dotacións e do aseguramento dun futuro sanitario da máxima calidade.

O CAR nunca foi definido e neste momento estanse desenvolvendo modelos diferentes, como o Centro Integrado de Saúde de Lugo, que se adapta mellor ás novas circunstancias, ás novas necesidades dos usuarios do sistema.

Como paso previo á elaboración dun plan de espazos e como paso previo á elaboración dun proxecto arquitectónico estase a traballar polos técnicos do Servizo Galego de Saúde, xunto coa EOXI de Santiago, nun Plan Funcional no que se definan cales son as melloras que se poden executar en Lalín tendo en conta a demanda e as necesidades da poboación de referencia.

Este Plan Funcional e de Espazos será presentado nos próximos meses.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 25197**  
Data envío: 05/02/2018 15:04:30.338

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2018 15:04:25**

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 15561** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a información do Goberno galego respecto das denuncias presentadas en Galicia en relación coas secuelas da cirurxía refractiva e a publicidade enganosa referida a esta, o número de intervencións que se levan a cabo e as follas de información que se entregan aos pacientes”**, (publicada no BOPG número 175 do 14 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O 28.8.2017, ten entrada na Subdirección xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación de Servizos Sanitarios unha reclamación presentada pola Secretaria da Asociación Española de Afectados por Intervencións de Cirurxía refractiva (ASACIR) contra distintos centros sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia por presunta publicidade enganosa.

O 5.9.2017, ao abeiro do disposto no artigo 140 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o o xefe do Servizo Provincial de Consumo de Lugo, solicita un informe sobre á reclamación presentada ante Instituto Galego de Consumo por ASACIR contra varios centros sanitarios.

Unha vez examinada a documentación achegada, toda vez que os supostos denunciados entran no ámbito competencial propio da Consellería de Sanidade, o 9.10.2017, realízanse as actuacións previas para ao esclarecemento dos feitos obxecto da reclamación.

A data de hoxe, das actuacións previas finalizadas, conclúese que non concorren as circunstancias determinantes da iniciación dun procedemento sancionador por infracción administrativa en materia

de centros, servizos e establecementos sanitarios.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/02/2018 12:14**  
**Nº Rexistro: 25315**  
Data envío: 06/02/2018 12:14:14.297

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2018 12:14:09**

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 15563** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e dona Paula Quinteiro Araújo, sobre **“a opinión do Goberno galego referida á xestión levada a cabo pola Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol en relación co servizo de limpeza dos centros hospitalarios, a súa in formación respecto dos requirimentos da Inspección de Traballo relativos ao plan de xestión de residuos e as propostas da Xunta de Galicia para garantir a calidade do servizo e os dereitos do persoal, así como as súas previsións no tocante á asunción da xestión directa do servizo”**, (publicada no BOPG número 175 do 14 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol, actúa de acordo ao establecido na lei de contratos do sector público, Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro e demais normativa vixente.

O número de horas anuais totais na adxudicación do 2017 incrementouse con respecto á adxudicación do 2013.

O importe de licitación do 2017 con respecto ao do 2013 tamén se incrementou tal e como se indica na memoria económica do expediente.

Tanto no cadro de persoal e no orzamento inflúen factores como o número de xornadas a realizar anualmente, os índices de absentismo do persoal, as condicións económicas, e as superficies reais a limpar.

Con respecto ás melloras presentadas pola actual empresa adxudicataria do contrato derivado do expediente, están recollidas no informe técnico accesible no perfil do contratante da páxina web do Sergas .

A modificación do Plan de xestión de residuos intracentro da Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol resposta a unha revisión, actualización e adaptación á normativa e ás condicións dos centros que a compoñen.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/02/2018 12:14**  
**Nº Rexistro: 25314**  
Data envío: 06/02/2018 12:14:04.531

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2018 12:13:59**

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 15833** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**as previsións do Goberno galego respecto da dotación dos recursos humanos e económicos necesarios para o desenvolvemento do Plan galego de prevención de suicidios, a supervisión da súa implantación e execución e a posta en marcha dun programa de formación dirixido aos profesionais da sanidade para o tratamento temperá dos factores que inciden neles**”, (publicada no BOPG número 177 do 19 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Plan de Prevención do Suicidio en Galicia aséntase nos principios de eficiencia, corresponsabilización, coordinación interinstitucional e accesibilidade. Para o desenvolvemento das medidas de coordinación, prevención e abordaxe, formación a profesionais e posvención a sobreviventes cóntase coas partidas orzamentarias designadas ao efecto das retribucións profesionais do capítulo correspondente dos presupostos xerais das comunidades autónomas. As iniciativas dirixidas a aumentar a sensibilización social fronte o suicidio, a investigación e alerta epidemiolóxica desenvolveranse con fondos destinados a actuacións sociosanitarias, se ben non se prevé que exista unha partida orzamentaria específica a tal efecto.

O Plan é unha estratexia permanente e revisable, e o desenvolvemento das medidas realizarase ao longo do período 2017-2020. Unha vez iniciada a súa implantación, e en función dos resultados obtidos, de determinarse necesidades non cubertas nalgún aspecto poderíanse incrementar os recursos destinados ao seu desenvolvemento.

No Plan de Prevención do Suicidio en Galicia prevese a creación da Comisión Interdepartamental de Coordinación para a Prevención e Atención das Condutas Suicidas, que entre as súas funcións terá as de propoñer accións de prevención e actuación, supervisar e garantir unha avaliación continua e emitir informes.

Polo que respecta á formación desenvolveranse cursos destinados a profesionais de atención primaria (médicos e enfermería) centrados en identificación de grupos de risco (maiores,

adolescentes, pacientes con enfermidades físicas dolorosas, adiccións) e en técnicas de entrevista específicas para a detección e manexo da conduta suicida.

Durante a implantación do proceso de atención integral a depresión, o persoal de atención primaria terá ferramentas para explorar a existencia de factores de risco asociados a conduta suicida, e en caso positivo, avaliar explicitamente a existencia de ideas, planes ou condutas suicidas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/02/2018 12:58**  
**Nº Rexistro: 25348**  
Data envío: 06/02/2018 12:58:57.752

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2018 12:58:53**



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/02/2018 12:58  
Nº Rexistro: 25347  
Data envío: 06/02/2018 12:58:45.548

Data 06/02/2018 12:58

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 16022** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as razóns da demora e o prazo previsto polo Goberno galego para a consignación dunha partida orzamentaria suficiente para construír o Centro de Saúde de Salceda de Caselas comprometido”**, (publicada no BOPG número 177 do 19 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As obras para a construción do centro de saúde de Salceda de Caselas están pendentes de licitación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/02/2018 12:58**  
**Nº Rexistro: 25347**  
Data envío: 06/02/2018 12:58:45.548

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2018 12:58:41**

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 16069** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da consignación no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 dos recursos necesarios para a construción do novo centro de saúde de Aldán-O Hío (no concello de Cangas), así como a execución das obras”**, (publicada no BOPG número 177 do 19 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde vai realizar un plan de necesidades sanitarias da poboación de Cangas, co obxectivo de recabar todos os datos precisos para redactar un documento único no que, ademais, se proxecten os servizos sanitarios no municipio para os próximos 25 anos. A licitación da contratación do servizo para a elaboración dun estudo de necesidades sanitarias da poboación de Cangas e Moaña foi publicada no Diario Oficial de Galicia do 29 de setembro de 2017, e foi adxudicada mediante Resolución do 20 de decembro de 2017.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/02/2018 12:58**  
**Nº Rexistro: 25346**  
Data envío: 06/02/2018 12:58:36.501

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2018 12:58:30**



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/02/2018 12:59  
Nº Rexistro: 25349  
Data envío: 06/02/2018 12:59:40.861

Data 06/02/2018 12:59

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 16074** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da consignación dunha partida orzamentaria suficiente para o arranxo das deficiencias que presenta o edificio do Centro de Saúde de Mugardos”**, (publicada no BOPG número 177 do 19 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Efectivamente no Consello da Xunta do 22 de maio de 2017 autorizouse a aceptación do Centro de Saúde de Mugardos. A estimación dos custos de mantemento do mesmo para este ano é de 43.696,86 euros. Está prevista a realización de cambio de calefacción e outras actuacións.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/02/2018 12:59**  
**Nº Rexistro: 25349**  
Data envío: 06/02/2018 12:59:40.861

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2018 12:59:35**

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 16084** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as previsións do Sergas respecto do fomento da formación dos profesionais en materia de detección e tratamento do linfedema, a realización dun estudo e rexistro do numero de persoas afectadas, así como a data estimada para a actualización dos protocolos existentes”**, (publicada no BOPG número 177 do 19 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Os hospitais do Sergas contan con Unidades de Linfedema dependentes do Servizo de Rehabilitación dos Complexos Hospitalarios. Ditas unidades contan con Médicos especialistas en rehabilitación e medicina física e fisioterapia a tempo completo, especialmente formados nesta disciplina e con ampla experiencia no seu tratamento.

No ano 2010, a Consellería de Sanidade publica *Rehabilitación do linfedema. Revisión e Protocolo*.

Desde estas unidades lévase a cabo o seguimento médico e a aplicación dos diferentes aspectos terapéuticos dos pacientes afectos de linfedema. Os pacientes son derivados dende diferentes servizos como son Oncoloxía Médica e Radioterápica, Cirurxía Vascular, Xinecoloxía, Cirurxía Xeral e Dixestiva, Dermatoloxía, Atención Primaria.

Os tratamentos realizados nas unidades constan de:

- Terapia Física Combinada
- Coidados da pel
- Drenaxe Linfática Manual
- Cinesiterapia de drenaxe
- Vendaxe Multicapa

- Presoterapia Neumática Secuencial Intermitente
- Drenaxe Linfática Mecánica Ultrasónica: Flowave
- Prescrición e chequeo de Prendas de contención elástica a medida

Os casos e patoloxías nas que se administra tratamento a pacientes con linfedema, son

- Linfedemas secundarios: principalmente despois de linfadenectomías axilares e inguinais. A maior prevalencia dase no membro superior tras mastectomía.
- Linfedemas primarios principalmente de membros superiores.

O Servizo Galego de Saúde conta con recursos suficientes para o diagnóstico do linfedema, pois baséase fundamentalmente na historia clínica e no exame físico, necesitando en poucas ocasións probas complementarias como linfografía, RM ou TC.

O tratamento estase a levar a cabo nos Servizos de Rehabilitación nas 7 EOXIs, co que o tratamento a estes pacientes está garantido.

O Servizo Galego de Saúde aposta pola formación continuada dos seus profesionais e a ampliación de coñecementos a través de ACIS, a Axencia de Coñecemento en Saúde, organizando anualmente cursos de formación para todos os seus profesionais, orientados ás disciplinas segundo as necesidades detectadas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/02/2018 13:43**  
**Nº Rexistro: 25369**  
Data envío: 06/02/2018 13:43:04.519

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2018 13:42:59**

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 16133** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“os prazos previstos polo Goberno galego para publicar as listas de espera non estruturais do Sergas e remitirles esa información aos deputados que a soliciten, así como a política que vai levar a cabo para reducilas”**, (publicada no BOPG número 177 do 19 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos ao dito na sesión da Comisión 5ª do 14 de setembro de 2017 na que o director xeral de Asistencia Sanitaria respostou a cada unha das preguntas que se fixeron sobre as listas de espera, indicando que a Consellería de Sanidade facilita información dando cumprimento ao que a normativa básica establece, a través do RD 605/2003 e da súa modificación parcial a través do RD 1039/2011.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/02/2018 13:42**  
**Nº Rexistro: 25368**  
Data envío: 06/02/2018 13:42:53.190

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2018 13:42:47**

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 16406** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o protocolo de actuación previsto polo Sergas diante dun brote de tuberculose, a xestión levada cabo en relación co detectado no mes de xuño no IES de Cacheiras, no concello de Teo, e as súas previsións respecto da dotación á Unidade de Tuberculosos do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela dos recursos necesarios para atender estes casos”**, (publicada no BOPG número 177 do 19 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Ante un caso de tuberculose aplícase o protocolo recollido no 'Programa Galego de Prevención e Control da Tuberculose 2012-2015' e no documento 'Infección tuberculosa e estudo de contactos', ambos os dous elaborados pola Dirección Xeral de Saúde Pública e dispoñibles para a súa consulta na Web da Consellería de Sanidade.

Neste abrocho, o diagnóstico e inicio do tratamento do caso índice realizouse antes dos prazos máximos previstos nestes casos e pese aos problemas lóxicos que supuxo realizalo en período escolar vacacional. Isto foi posible grazas á implicación e colaboración da dirección do centro, que facilitou os listados de alumnos/as e as instalacións para realizar as probas da tuberculina in situ, e á rápida actuación da Unidade de Tuberculose (UTB) de Santiago.

Sempre que se produce un caso de tuberculose nun colectivo escolar ou de especial vulnerabilidade, a UTB de referencia ponse en contacto coa dirección do centro e infórmalle da necesidade de iniciar o estudo nos contactos incluídos no primeiro círculo de risco. Así se fixo neste caso dende a comunicación inicial da existencia dun caso nese IES.

A dirección facilitou os listados dos contactos máis próximos co caso índice e a UTB púxose en contacto con eles para pedirlle o consentimento para realizar as probas pertinentes.

O estudo foise ampliando en función dos resultados, estudando de forma gradual ao resto de contactos, seguindo o mesmo procedemento, mantendo sempre informada a dirección do IES da evolución do mesmo.

Seguindo o protocolo, aos contactos que dan negativo na proba da tuberculina, repíteselle o test aos 2-3 meses para confirmar que son verdadeiros negativos e que non se atopen no denominado período ventá, motivo polo que a responsable da UTB solicitou informar ao Consello Escolar do centro, que se reuniu, nunha convocatoria extraordinaria, o día 8 de setembro, co único punto do día de informar da situación, das medidas tomadas e das que aínda faltaban por realizar (retest no mes de outubro).

Todas as persoas que participaron no estudo foron informadas da súa situación e das medidas a tomar de forma individual (pais, nais ou titores no caso dos alumnos), como corresponde a calquera proceso patolóxico, garantindo a confidencialidade da información.

E a volta das vacacións, concretamente o día 8 de setembro, a responsable técnica da UTB da área de Santiago de Compostela mantivo unha xuntanza co Consello Escolar para informar dos resultados e a situación con respecto a este andazo, ofertando a posibilidade de manter unha nova xuntanza coa ANPA para informar da situación se o vían necesario.

En definitiva, desde a comunicación do primeiro caso houbo unha boa interlocución e transmisión de información co centro.

Os alumnos/as infectados/enfermos, están sendo revisados mensualmente pola UTB/servizo de pediatría (ou con menor periodicidade se é preciso), en colaboración cos servizos de atención primaria da área, que tamén foron oportunamente informados da situación.

A UTB de Santiago conta con persoal médico, de enfermaría e de traballo social dedicados única e exclusivamente á prevención e control da tuberculose sen demoras. Dada a magnitude deste estudo reforzouse inmediatamente cun DUE e todas as actividades se realizaron antes do tempo estipulado polo Programa de Tuberculose.

Destacar a súa profesionalidade e a aplicación rigorosa, en tempo e forma, do protocolo de estudo de contactos do Programa Galego de Prevención e Control da Tuberculose.

O bo funcionamento desta unidade está facendo posible que a incidencia de tuberculose na área pasase de 66,9 casos por 100.000 habitantes no ano 1996 a 14,4 no 2016, o que implica unha



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 25195**  
Data envío: 05/02/2018 15:04:11.057

diminución no número de casos do 79 % ou, o que é o mesmo, unha diminución por termo medio anual do -7,4 %, o que a converte na área de menor incidencia de tuberculose de toda Galicia no ano 2016 e nunha das de maior velocidade de diminución no número de casos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: c9556ba1-52d1-7db0-27b5-5258bdef4fb2

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 25195**  
Data envío: 05/02/2018 15:04:11.057

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2018 15:04:06**

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17134** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do arranxo das carencias e deficiencias detectadas no novo Centro de Saúde de Marín, as razóns existentes para non dotalo de servizo de radioloxía e as súas intencións respecto da ampliación do seu cadro de persoal polo menos con dúas prazas de fisioterapia, así como o seu horario de funcionamento da ambulancia ata as 24 horas do día”**, (publicada no BOPG número 183 do 28 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O novo centro de saúde de Marín entrou en funcionamento no ano 2016 en substitución da Casa do Mar e do antigo centro de saúde que presentaban notables deficiencias. Na actualidade o centro de saúde de Marín presta asistencia sanitaria a máis de 25.000 usuarios e conta con dotación e recursos de atención primaria, pediatría, matronas, fisioterapia, odontoloxía, hixiene bucodental e traballo social.

As ausencias de persoal, en especial as de ILT de longa duración son cubertas ou ben por substitución ou por intersubstitución.

A atención primaria en Galicia proporciona servizos cuns elevados estándares de calidade, que se cumpren no concello de Marín tanto na Unidade de Atención Primaria coma no Servizo de Atención Continuada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 25193**  
Data envío: 05/02/2018 15:03:53.041

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2018 15:03:46**

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17231** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para acordar a implantación dun modelo mixto de liña tradicional e liña fría para o servizo de comidas do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, a súa distribución diaria e os criterios seguidos para a súa organización, así como o modelo de xestión que vai ter, a garantía do mantemento do actual persoal e o seu aumento”**, (publicada no BOPG número 188 do 6 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No momento actual non saíu a licitación respecto ao servizo de cociña no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

A situación laboral do persoal que actualmente presta servizos na cociña do CHUO será a mesma que actualmente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/02/2018 10:10**  
**Nº Rexistro: 25268**  
Data envío: 06/02/2018 10:10:31.424

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2018 10:10:27**



RS/ms

Con data 6.02.2018, e número de rexistro 25377, tivo entrada no Parlamento resposta á pregunta 17979, formulada por dona Paula Vázquez Verao, dona Eva Solla Fernández e don Luís Villares Naveira, do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para o reforzo da atención sanitaria no Courel”**. Debido a un erro involuntario enviouse unha resposta que non se corresponde coa pregunta en cuestión, polo que pasamos a remitir a resposta correcta formulada pola consellería de Sanidade e que ten o seguinte contido:

“Polo que se refire á cobertura do persoal sanitario na categoría de facultativos, véñse producindo un déficit de recursos de persoal nas listas de vinculacións temporais, habitualmente esgotadas, facendo difícil a substitución das ausencias regulamentarias do persoal.

Para a planificación da cobertura destes permisos regulamentarios a EOXI ten en conta as diferentes formas de cobertura das ausencias establecidas no artigo 3 da Orde de 4 de xuño de 2008, pola que se da publicidade a determinados acordos sobre ordenación e previsión de postos de traballo e condicións de traballo e retribucións no ámbito da atención primaria e valórase a cobertura das ausencias no conxunto da área, utilizando os recursos dos que dispoñemos aí onde son máis necesarios ao tempo que se garante que, en todo momento, existan profesionais suficientes para unha adecuada atención.

Os Centros de Saúde funcionan en horario de 8hs a 15 hs os días laborables.

En días alternos hai no concello un dispositivo médico e de enfermería localizado e habilitado para as demandas de asistencia, en horario de 15hs a 22 hs os días laborables e de 8hs a 22hs os domingos e festivos nos Centros de Saúde de Folgoso e de Seoane.

No horario nocturno a prestación localízase no PAC de Quiroga, ofertando asistencia no mesmo pero tamén asistencia a domicilio a través dos medios de transporte de enfermos e de profesionais con que está dotado.

En canto á atención pediátrica é primordial poñer de manifesto que na actualidade non existen especialistas en pediatría dispoñibles para ser contratados (feito que é facilmente

comprobable en organismos oficiais, asociacións profesionais, listas de contratación, etc..). o que dificulta o incremento do cadro de persoal desta categoría nos centros de saúde nos que fose necesario.

Desde a EOXI estanse a realizar importantes esforzos para manter de xeito continuado o cadro de persoal dos nosos centros, levando a cabo actuacións para adecuar e reordenar a asistencia pediátrica, tanto funcional como de horarios de cara a garantir a atención pediátrica nos nosos Servizos de Atención Primaria.

Neste caso o Servizo de Atención Primaria de Quiroga conta cunha pediatra, que pasa consulta no Centro de Saúde de Quiroga os martes e venres e atende aos nenos adscritos aos médicos de Quiroga e O Courel.

O Courel conta cunha poboación total de 830 habitantes dos que 384 son maiores de 65 anos e 29 en idade pediátrica.

En relación a petición de equipos de desfibriladores o Centro de Saúde de Folgoso do Courel e o de Seoane xa contan con Equipo DESA.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/02/2018 13:41**  
**Nº Rexistro: 26110**  
Data envío: 13/02/2018 13:41:59.771

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2018 13:41:55**



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/02/2018 16:30  
Nº Rexistro: 25376  
Data envío: 06/02/2018 14:24:51.925

Data 06/02/2018 14:24

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18187** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as irregularidades detectadas pola Inspección de Traballo nas contratacións de persoal substituto no Sergas”**, (publicada no BOPG número 192 do 13 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O que existe é unha discrepancia interpretativa entre a TXSS e o Servizo Galego de Saúde.

O Servizo Galego de Saúde entende que non procede manter a alta na fin de semana ou festivo a un traballador que desempeña distintos nomeamentos por substitución ou causais de luns a venres (ou sábado) en distintos centros de saúde por distintos motivos, ou ausencias de curta duración dos seus titulares.

O persoal titular que traballa nun centro de saúde non solicita permisos nin licenzas en domingo ou festivo, por non existir prestación efectiva de servizos nos centros de saúde nas devanditas datas, polo que non hai ausencia ou permiso algún que se deba substituír na fin de semana, salvo que se tratase de ausencias de duración superior como puidese ser unha baixa por incapacidade temporal ou período vacacional de duración superior a cinco días, nese caso o nomeamento do substituto finaliza cando se incorpora o titular e inclúe as fins de semana correspondentes.

O Consello da Xunta na súa sesión do 30 de novembro de 2017, aprobou o Decreto da oferta pública de emprego (OPE) do Servizo Galego de Saúde cun total de 1.616 prazas no ano 2017. Esta nova oferta, que se suma ás aprobadas ininterrompidamente desde o ano 2012, duplica o número de prazas da oferta de 2016, cunha cifra superior ao total das aprobadas nos anos 2012 a 2016.

A oferta, negociada no ámbito da Mesa Sectorial de Sanidade, foi aprobada polas organizacións sindicais CESM-O´MEGA, CC.OO, UGT, CSIF e SATSE.

Esta oferta representa o 100% da taxa ordinaria de reposición de efectivos e o 62% da taxa adicional para a estabilización de emprego temporal autorizada na lexislación básica orzamentaria para a súa inclusión nas ofertas de emprego público do período 2017-2019.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 25376**  
Data envío: 06/02/2018 14:24:51.925

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2018 14:24:46**



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/02/2018 16:30  
Nº Rexistro: 25375  
Data envío: 06/02/2018 14:24:40.722

Data 06/02/2018 14:24

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18195** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**as posibles irregularidades nos pagamentos do Sergas ás empresas proveedoras de servizos de xestión hospitalaria**”, (publicada no BOPG número 192 do 13 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Os contratos de servizos de xestión hospitalaria corresponden a concursos públicos e cumpren a normativa vixente en materia de contratación. Precisar que non foron licitados no 2001, tal e como se recolle na pregunta parlamentaria, e que son prorrogados de acordo co establecido legalmente nos contratos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 25375**  
Data envío: 06/02/2018 14:24:40.722

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2018 14:24:35**

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18200** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Ministerio de Sanidade da retirada do R.D. 954/2015, do 23 de outubro, polo que se regula a indicación, uso e autorización da dispensación de medicamentos e produtos sanitarios de uso humano por parte dos enfermeiros**”, (publicada no BOPG número 192 do 13 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Ministerio de Sanidad chegou a un consenso co Consejo General de Colegios Oficiales de Médicos y Consejo General de Colegios de Enfermería para a modificación do RD 954/2015, do 23 de outubro, ao tratarse dunha norma estatal.

Desde o 7 de novembro está a información pública a modificación de dita norma na web do Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad.

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde remitiron as oportunas observacións co fin de poñer en valor as Comisións de Farmacia e Terapéutica dos Servizos de Saúde.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 25374**  
Data envío: 06/02/2018 14:24:27.284

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2018 14:24:04**



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/02/2018 12:12  
Nº Rexistro: 25483  
Data envío: 07/02/2018 12:12:17.538

Data 07/02/2018 12:12

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18247** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“o destino previsto pola Xunta de Galicia para o antigo Hospital do Rebullón, a realización dalgún estudo para a recuperación do edificio e as súas intencións respecto da consignación dalgunha partida orzamentaria para ese fin, así como a existencia dalgún convenio para o seu uso”**, (publicada no BOPG número 192 do 13 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Hospital Rebullón deixou de ter uso sanitario no 2016. Este cambio enmarcouse dentro da ordenación integral da área sanitaria trala apertura do Hospital Álvaro Cunqueiro.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2018 12:12**  
**Nº Rexistro: 25483**  
Data envío: 07/02/2018 12:12:17.538

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/02/2018 12:12:11**



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/02/2018 10:10  
Nº Rexistro: 25267  
Data envío: 06/02/2018 10:10:21.674

Data 06/02/2018 10:10

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18287** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **as actuacións que se van levar a cabo para a ampliación do bloque cirúrxico e a mellora da área da ambulancia anunciadas polo Goberno galego no Hospital de Valdeorras e os datos ao respecto**”, (publicada no BOPG número 192 do 13 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Efectivamente no Hospital Comarcal do Barco de Valdeorras levaranse a cabo melloras en consultas externas, no hospital de día para tratamentos onco-hematolóxicos, en cirurxía ambulatoria e en novas zonas de traballo na área de Farmacia.

As obras previstas non xerarán incremento do cadro de persoal, xa que o mesmo está directamente relacionado coa actividade asistencial, ou co incremento da ampliación da carteira de servizos, independentemente das obras.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/02/2018 10:10**  
**Nº Rexistro: 25267**  
Data envío: 06/02/2018 10:10:21.674

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2018 10:10:17**

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18304** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a data e as condicións de apertura previstas polo Goberno galego para o novo edificio do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, así como o custo total das obras”**, (publicada no BOPG número 192 do 13 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O traslado realizouse o 6 de outubro de acordo co operativo previsto, facendo o primeiro traslado dunha unidade de hospitalización de medicina interna, que permitiu testar o funcionamento dos circuitos internos de circulación.

A segunda fase de traslado realizouse con éxito, e sen incidencias o pasado día 27 de outubro, co traslado 150 pacientes dos servizos de Medicina Interna, Neurocirurxía e Neuroloxía, ata ese momento hospitalizados nos edificios Materno Infantil, Santa María Nai e Cristal.

Na actualidade o novo edificio de hospitalización do CHUO acolle xa ao redor de 200 pacientes.

Todos os traslados inclúen ao persoal destes servizos, e procederase a reordenación e/ou incremento de efectivos en distintas unidades, en función do seu novo dimensionamento ou necesidades.

O Plan Operativo de Traslado gradual, consensuado pola Comisión de Traslados, constituída por representantes da dirección e do persoal de todos os estamentos profesionais e servizos, tanto sanitarios como non sanitarios do centro, ten por obxectivo fundamental o mantemento da actividade e continuidade asistencial do complexo, causando a mínima alteración posible ao conxunto dos pacientes e garantindo, en todo momento, a plena seguridade e confortabilidade dos que se trasladan e do resto dos usuarios.

O equipamento da nova Cociña Central do Complexo, situada no novo edificio de hospitalización,

está en trámites de licitación.

Coa ampliación o CHUO gaña en funcionalidade e integración, e aumenta súa capacidade asistencial e confortabilidade, eliminando definitivamente as habitacións triples, pasando todas elas a dobres e individuais, polo que contará con 116 camas máis, ata chegar a unha capacidade máxima de 930 camas.

O novo edificio de hospitalización consta de **tres plantas de aparcadoiro, unha delas destinada ao uso exclusivo dos traballadores e de carácter gratuíto**, e as restantes de acceso e uso público.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/02/2018 10:10**  
**Nº Rexistro: 25266**  
Data envío: 06/02/2018 10:10:12.408

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2018 10:10:02**

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18441** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“o prazo previsto polo Goberno galego para o cumprimento do compromiso referido ao arranxo das deficiencias existentes no Centro de Saúde de Marín, así como o mantemento de conversas coa alcaldesa ao respecto”**, (publicada no BOPG número 194 do 17 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O novo centro de saúde de Marín entrou en funcionamento no ano 2016 en substitución da Casa do Mar e do antigo centro de saúde que presentaban notables deficiencias. Na actualidade o centro de saúde de Marín presta asistencia sanitaria a máis de 25.000 usuarios e conta con dotación e recursos de atención primaria, pediatría, matronas, fisioterapia, odontoloxía, hixiene bucodental e traballo social.

As ausencias de persoal, en especial as de ILT de longa duración son cubertas ou ben por substitución ou por intersubstitución.

A atención primaria en Galicia proporciona servizos cuns elevados estándares de calidade, que se cumpren no concello de Marín tanto na Unidade de Atención Primaria coma no Servizo de Atención Continuada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2018 12:12**  
**Nº Rexistro: 25482**  
Data envío: 07/02/2018 12:12:05.288

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/02/2018 12:12:00**



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/02/2018 12:11  
Nº Rexistro: 25481  
Data envío: 07/02/2018 12:11:55.522

Data 07/02/2018 12:11

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18450** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as xestións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para garantir a subministración ás farmacias galegas do medicamento denominado Trangorex para o tratamento de arritmias, o mantemento dalgún contacto co laboratorio subministrador ao respecto e as razóns da súa dispoñibilidade nas farmacias portuguesas”**, (publicada no BOPG número 194 do 17 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á información facilitada polo director xeral de Asistencia Sanitaria na Comisión 5ª do 15 de novembro de 2017, en resposta á pregunta oral n.º 18646, na que explicou que o Servizo Galego de Saúde actúa segundo o protocolo establecido ante calquera problema de subministro de medicamentos e que pon todas as medidas ao seu alcance para que non teñan repercusións nos pacientes que os precisan.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2018 12:11**  
**Nº Rexistro: 25481**  
Data envío: 07/02/2018 12:11:55.522

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/02/2018 12:11:48**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18705** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don Luis Villares Naveira, sobre **“a opinión do Goberno galego en relación coa suficiencia dos recursos destinados á atención ás persoas sen fogar en Galicia, as actuacións previstas para impulsar políticas enmarcadas nos obxectivos da Estratexia Nacional Integral para Persoas sen Fogar 2015-2020 e as medidas de prevención que vai promover ao respecto”**, (publicada no BOPG número 199 do 24 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Galicia conta xa cun marco de planificación estratéxica para loitar contra a pobreza e a exclusión: a Estratexia Galega de Inclusión Social 2014-2020, que aprobou o Consello da Xunta en decembro de 2014. A Estratexia inclúe medidas orientadas a evitar ou reducir o dano que provoca a carencia dun fogar nas persoas, con intervencións dirixidas ao acceso á cobertura das necesidades básicas e aos recursos residenciais. Entre estas medidas, destaca o mantemento do apoio ao dispositivo de atención e acompañamento a persoas sen teito, que establece liñas de derivación e integración na sociedade das persoas sen teito a través dun traballo de coordinación levado a cabo por unidades técnicas especializadas que traballan na rúa e nos dispositivos de atención a estas persoas.

A Consellería de Política Social está a desenvolver actualmente diferentes medidas de atención ao colectivo de persoas sen teito:

–Un programa de atención as persoas sen fogar e en situación de vulnerabilidade extrema desenvolvido en colaboración coa Cruz Vermella, que conta con dispositivos nos termos municipais de A Coruña, Lugo, Ourense, Vigo e Santiago de Compostela.

–Ademais deste programa, a Xunta de Galicia financia o mantemento á rede de centros de atención á persoas en exclusión social severa (como albergues, centros de acollida e inclusión ou comedores sociais), así como a realización de diferentes programas de atención a persoas sen fogar, con cargo ás ordes dirixidas a entidades de iniciativa social e a concellos que anualmente convoca, e que permiten a prestación de servizos como os seguintes:

- Servizos de atención ás necesidades básicas.
- Servizo da cobertura de necesidade de alimento.
- Servizo de provisión de recursos básicos (hixiene, roupeiro, lavandaría, apoio material e económico...).
- Servizo de atención de rúa e/ou atención urgente.
- Atención desenvolvida a través de itinerarios de inclusión sociolaboral con acompañamento.
- Actuacións de adquisición e mellora das competencias sociais e profesionais.

Dende 2016, as ordes permite tamén financiar a reforma e adaptación do centros ás necesidades das persoas usuarias, ofrecéndolles servizos que redunden nunha mellora en calidade da atención dispensada. Esta tipoloxía de axudas cofinanciase con fondos FEDER do programa operativo de Galicia 2014/2020.

A Xunta de Galicia ten prevista a elaboración e posta en marcha dun Plan Integral de Atención ás Persoas sen Fogar.

Actualmente, a Consellería de Política Social está a ultimar a redacción dun estudo sobre as persoas sen fogar que servirá de base para a elaboración do Plan Integral. A realización do estudo non ten custo económico para a C.A., xa que está a ser desenvolvido por técnicos da citada dirección xeral, en colaboración coa Cruz Vermella, no marco do convenio de colaboración que esta entidade ten coa Consellería de Política Social.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/02/2018 10:54**  
**Nº Rexistro: 24970**  
Data envío: 02/02/2018 10:54:39.855

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/02/2018 10:54:34**



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/02/2018 12:11  
Nº Rexistro: 25478  
Data envío: 07/02/2018 12:11:25.006

Data 07/02/2018 12:11

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19347** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“os estudos ou valoracións realizadas polo Sergas en relación coa doenza de Behçet, a existencia dalgún protocolo de actuación para esa enfermidade e as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento dalgún tipo de información e investigación ao respecto”**, (publicada no BOPG número 204 do 2 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No Servizo Galego de Saúde desenvólense Procesos Asistenciais Integrados para as enfermidades máis prevalentes ou que pola súa complexidade así o precisen. O sistema sanitario público galego permite a asistencia á enfermidade de Behçet coa mellor calidade e seguridade posible co noso actual modelo asistencial. As accións de formación en enfermidades raras para os nosos profesionais, son o principal aval para que estas enfermidades poidan ser detectadas de forma precoz.

Co actual modelo asistencial ofrécese a mellor garantía de calidade e seguridade ás persoas que sofren síndrome de Behçet e ademais se garante a posibilidade de solicitar unha consulta a un centro de referencia estatal se cumpre as condicións necesarias.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2018 12:11**  
**Nº Rexistro: 25478**  
Data envío: 07/02/2018 12:11:25.006

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/02/2018 12:11:20**



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/02/2018 16:30  
Nº Rexistro: 25526  
Data envío: 07/02/2018 14:06:43.646

Data 07/02/2018 14:06

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19528** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego referida aos beneficios da lactación materna, as actuacións que está a levar a cabo para impulsala e o seu coñecemento das condicións que presentan as instalacións da área de lactación do Hospital Provincial de Pontevedra, así como as súas previsións respecto da consignación para o ano 2018 dunha partida orzamentaria específica para a reforma dese hospital”**, (publicada no BOPG número 207 do 8 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 21.11.2017- polo conselleiro de Sanidade ao darlle resposta á pregunta 19527 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 25526**  
Data envío: 07/02/2018 14:06:43.646

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/02/2018 14:06:39**

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19614** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coas deficiencias que presenta a dotación de servizos do Centro de Saúde das Pontes de García Rodríguez segundo o establecido no volume de persoal asignado, a garantía de mantemento do seu número de profesionais substituíndo a totalidade das baixas e vacacións do persoal, así como a súa opinión referida á posibilidade de dotalo dun equipo de radioloxía e as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 207 do 8 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A reforma da atención primaria regulada no Decreto 200/93, de 29 de xullo, establece a carteira de servizos tanto de servizos coma das unidades de atención primaria. A carteira de Servizos do Centro de Saúde das Pontes é unha das máis completas da nos EOXI. Así esta carteira conta con todas as Unidades de Apoio de AP:

|                                     |                       |
|-------------------------------------|-----------------------|
| Atención adolescente/adulto/anción  | Fisioterapia          |
| Atención ó paciente crónico         | Teleoftalmoloxía      |
| Atención domiciliaria               | Telederrmatoloxía     |
| Atención á muller                   | Teleneuroloxía        |
| Programa do neno san                | Atención farmacéutica |
| Atención-tramitación administrativa | Ecografía             |

Control do tratamento con anticoagulantes orais

Espirometría

IANUS

Citloxía

Cirurgía menor

Cribado cancro colorrectal

Saúde bucodental

Punto de Atención Continuada(PAC)

Estas prestacións están a ser desenvolvidas por profesionais sanitarios e non sanitarios que no caso do concello de As Pontes cumpre cos estándares establecidos tanto pola OMS (Organización Mundial da Saúde), coma por organizacións e sociedades científicas.

A día de hoxe estanse a substituír as dúas baixas existentes no Centro, dificultade coa que nos encontramos en períodos específico o longo do ano (nadal ou verán, pex.), nos que se xunta o desfrute de vacacións dos profesionais coas baixas laborais coas que nos atopamos en toda a Área, engadido aos poucos facultativos dos que dispoñemos como substitutos (todos contratados), polo que teñen que ser cubertos cos recursos propios.

O Servizo Galego de Saúde mantén a calidade da atención sanitaria, tanto no concello de As Pontes, como no resto dos concellos da área.

Os criterios de planificación sanitaria baséanse na frecuentación a poboación e a distancia ao centro de referencia; no caso que nos ocupa nos tres factores non se acadan os estándares que determinen a necesidade de dotación de equipo de radioloxía. A dotación axeitada para o centro como soporte do diagnóstico por imaxe é un ecógrafo do que xa dispón na actualidade. Con él pódense dar resposta as necesidades Asistenciais do primeiro nivel asistencial, e que ten dispoñibilidade para atender a demanda dos profesionais do centro.

Dicir, por último, que a actividade do Punto de Atención Continuada (PAC de AS Pontes) no ano 2017 foi a seguinte:

| ano 2017      | Urxencias<br>atendidas | Urxencias<br>derivadas<br>especializada | Urxencias<br>atendidas/día | % derviación a<br>A.E. |
|---------------|------------------------|-----------------------------------------|----------------------------|------------------------|
| <b>TOTAIS</b> | <b>9.770</b>           | <b>641</b>                              | <b>26,77</b>               | <b>6,56%</b>           |



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2018 12:11**  
**Nº Rexistro: 25477**  
Data envío: 07/02/2018 12:11:15.787

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: d86ddd81-7dd4-0755-ef31-b3de105750e9

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2018 12:11**  
**Nº Rexistro: 25477**  
Data envío: 07/02/2018 12:11:15.787

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/02/2018 12:11:11**



RS/kd

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19626**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego en relación co conflito laboral de Bershka na provincia de Pontevedra e o tratamento que lle están a dar os medios de comunicación públicos de Galicia, así como as súas previsións referidas á procura dunha solución ao respecto”**, (publicada no BOPG número 207 do 08 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta sempre vela polo cumprimento das condicións laborais establecidas na Lei e ofrece a súa mediación, a través do Consello Galego de Relacións Laborais, para facilitar o diálogo entre persoas traballadoras e empresa de cara a unha solución.

Sen embargo, no conflito laboral xurdido en Bershka en novembro de 2017 non foi necesaria tal intervención xa que a representación sindical e a dirección da empresa alcanzaron un acordo axilmente, que foi aceptado polo persoal implicado.

Por outra banda, a Corporación Radio e Televisión de Galicia é unha entidade con personalidade xurídica propia, autónoma na súa xestión e independente no seu funcionamento respecto da Xunta. Así o establecen a Lei dos medios públicos de comunicación audiovisual da comunidade e o Mandato marco, aprobados ambos polo Parlamento galego.

Polo tanto, atendendo ao establecido legalmente, a Xunta non se pronuncia ao respecto de calquera cuestión ou aspecto relacionados co labor dos seus directivos e profesionais. De todos os xeitos, o pasado 28 de decembro o director xeral da CRTVG xa deu conta -na Comisión non lexislativa de control da Corporación- de todas as información emitidas nos medios públicos en relación con este conflito que, como indicamos anteriormente, xa está resolto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 25021**  
Data envío: 02/02/2018 14:20:46.059

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/02/2018 14:20:41**



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/02/2018 16:30  
Nº Rexistro: 25525  
Data envío: 07/02/2018 14:06:33.661

Data 07/02/2018 14:06

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19648** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns das continuas demoras na apertura do Centro de Saúde do Couto, en Ourense, as do retraso no inicio das obras da urbanización do seu contorno e os prazos previstos para o seu remate e posta en funcionamento do centro, así como a súa dotación dunha zona de acceso e de prazas de aparcamento para as persoas con discapacidade”**, (publicada no BOPG número 207 do 8 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Centro de Saúde do Couto (Ourense) entrou en funcionamento o 27 de novembro de 2017, unha vez executadas as obras de urbanización do entorno que foron imprescindibles para a concesión da licenza de ocupación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 25525**  
Data envío: 07/02/2018 14:06:33.661

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/02/2018 14:06:29**



RS/kd

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19721**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre “**as actuacións levadas a cabo ou previstas pola Xunta de Galicia en relación en relación co conflito laboral da empresa Bershka na provincia de Pontevedra para garantir o dereito á non discriminación laboral por razóns de orixe establecida no artigo 17 do Estatuto dos Traballadores, así como a data prevista para a presentación dun informe referido á mesa de diálogo creada entre a patronal e os sindicatos, coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, segundo o acordo parlamentario do 28 de decembro de 2016**”, (publicada no BOPG número 211 do 15 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta sempre vela polo cumprimento das condicións laborais establecidas na Lei e ofrece a súa mediación, a través do Consello Galego de Relacións Laborais, para facilitar o dialogo entre persoas traballadoras e empresas de cara a unha solución.

No conflito laboral xurdido en Bershka en novembro de 2017 non foi necesaria esta intervención xa que a representación sindical e a dirección da empresa alcanzaron rapidamente un acordo, que foi aceptado polo persoal implicado.

Por último, sinalar que continúan os traballos cos interlocutores sociais no seo do Consello Galego de Relacións Laborais para a posta en práctica do acordo adoptado polo

Parlamento de Galicia para promover a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 25018**  
Data envío: 02/02/2018 14:20:13.512

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/02/2018 14:20:06**



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/02/2018 10:09  
Nº Rexistro: 25265  
Data envío: 06/02/2018 10:09:56.533

Data 06/02/2018 10:09

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19903** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da cobertura da baixa da facultativa do Centro de Saúde de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa”**, (publicada no BOPG número 211 do 15 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Vilaxoán está a 3,7 km de Vilagarcía. En Vilaxoán hai un médico e unha enfermeira que traballan en horario de mañá; non hai PSX polo que as xestións administrativas as teñen que realizar en Vilagarcía.

No Centro de Saúde de Vilagarcía hai 21 médicos de familia, 5 pediatras, 20 enfermeiros, matrona, fisioterapeuta, odontólogo e conta con unidade de tarde polo que o horario é de 8 a 22h en consulta ordinaria. En canto á cobertura e substitución dos profesionais do Centro de Saúde, é un centro no que xeralmente organízanse para as vacacións e os días de libre disposición.

O día 6 de novembro de 2017 púxose de baixa a médico de Vilaxoán, cubríndose 3 días (luns, mércores e venres) cunha médico de familia do Centro de Saúde de Vilagarcía e o resto dos días dirixiuse aos pacientes ao Centro de Saúde de Vilagarcía, do mesmo xeito que se fai en verán. A titular de Vilaxoán incorporouse a súa praza o 9 de xaneiro de 2018.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/02/2018 10:09**  
**Nº Rexistro: 25265**  
Data envío: 06/02/2018 10:09:56.533

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2018 10:09:45**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20032**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para manter pechado o Centro Galego de Desenvolvemento Integral, situado no barrio de Salgueiriños, en Santiago de Compostela, o prazo previsto para a súa posta en marcha a pleno rendemento e o orzamento que se vai destinar, así como as actuacións previstas nel no ano 2018, o modelo de xestión e o cadro de persoal que vai ter”**, (publicada no BOPG número 211 do 15 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 11.10.2017- ao darlle resposta á pregunta 13403 sobre similar tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/02/2018 13:15**  
**Nº Rexistro: 24854**  
Data envío: 01/02/2018 13:15:36.988

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 13:15:16**



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/02/2018 16:30  
Nº Rexistro: 25524  
Data envío: 07/02/2018 14:06:23.896

Data 07/02/2018 14:06

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20037** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia en relación coa a tención e servizos sanitarios dispoñibles na actualidade no concello de Cedeira, a necesidade de ampliar o centro de saúde e a posibilidade de chegar a un acordo co Concello para ese fin”**, (publicada no BOPG número 211 do 15 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nestes momentos está en fase de revisión o Plan Funcional que defina as necesidades para a ampliación do Centro de Saúde de Cedeira.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 25524**  
Data envío: 07/02/2018 14:06:23.896

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/02/2018 14:06:18**



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2018 16:30  
Nº Rexistro: 24891  
Data envío: 01/02/2018 16:20:29.168

Data 01/02/2018 16:20

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20046**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento, a valoración e as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación coas condicións de accesibilidade existentes para as persoas con discapacidade no Centro de Saúde Novoa Santos, de Ourense, as actuacións que vai levar a cabo no ano 2018 para paliar os problemas de accesibilidade que hai na comunidade autónoma e a súa dotación orzamentaria, así como as levadas a cabo e o investimento realizado para ese fin desde a entrada en vigor do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro”**, (publicada no BOPG número 211 do 15 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e a Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O benestar da cidadanía e a erradicación dos obstáculos que impiden a plena participación na sociedade das persoas con máis dificultades constitúen piares esenciais da política social do Goberno galego.

O obxectivo da Xunta de Galicia é solventar as situacións nas que exista un problema de accesibilidade que impida ou dificulte a correcta integración dos usuarios, especialmente no seno da Comisión Técnica de Accesibilidade que ten por obxectivo impulsar o cumprimento da normativa sobre promoción de accesibilidade e eliminación de barreiras da Comunidade Autónoma e tamén resolver as dúbidas que poidan xurdir sobre a interpretación de calquera aspecto da normativa na súa aplicación práctica, emitindo ditames ao respecto.

Indicar, asemade, que desde a Consellería de Sanidade estanse a desenvolver as actuacións necesarias que faciliten a accesibilidade dos usuarios aos centros de Saúde así como aos Centros Hospitalarios.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 24891**  
Data envío: 01/02/2018 16:20:29.168

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 16:20:07**

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20275** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación co traslado ao novo edificio da Estrada da atención das urxencias médicas”**, (publicada no BOPG número 215 do 22 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Centro Integral de Atención ás Emerxencias da Estrada foi concibido como o eixo coordinador de todos os servizos implicados na atención das emerxencias en Galicia.

Na reunión ordinaria, de data 13 de outubro de 2016, coa a Xunta de persoal da Fundación Pública de Urxencias Sanitarias (FPUSG-061), estivo presente o Xerente do Servizo Galego de Saúde, que é o que informou aos representantes dos traballadores da constitución dunha mesa de negociación ao fin de establecer as condicións do traslado, engadindo tamén, que o número 061 seguirá existindo nas mesmas condicións actuais.

A mesa de negociación convocouse para o 12 de xaneiro de 2018, e formarán parte da mesma os representantes dos traballadores afectados, a dirección da FPUSG-061 e un representante do Servizo Galego de Saúde.

As condicións de traslado dependen da mesa negociadora e realizarase nas datas máis propicias que garantan a máxima calidade na atención sanitaria de urxencia.

Non vai desaparecer o teléfono do 061, tal e como foi confirmado polo propio Vicepresidente do Goberno Galego que ratificou a continuidade do 061 como servizo sanitario autónomo e dependente da Conselleira de Sanidade.

A migración ás novas instalacións farase cos correspondentes plans de continxencia, e a entrada en funcionamento da Central de Coordinación do 061 na Estrada realizarase nas datas que garantan a calidade na atención á demanda sanitaria urxente.

No que atinxe as plataformas informáticas (112 e 061) só sinalar que son diferentes e independentes, estando a plataforma do 061 xa plenamente consolidada dende hai máis de oito anos, avalada por un servizo de tecnoloxía propio e co respaldo da infraestrutura tecnolóxica do Servizo Galego de Saúde.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2018 12:10**  
**Nº Rexistro: 25472**  
Data envío: 07/02/2018 12:10:27.459

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/02/2018 12:10:22**

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20280** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“os problemas existentes en relación coas obras de construción do centro de saúde de Gondomar comprometido e as actuacións previstas polo Goberno galego para resolvelos”**, (publicada no BOPG número 215 do 22 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As obras para a construción do centro de saúde de Gondomar están en execución.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2018 12:10**  
**Nº Rexistro: 25471**  
Data envío: 07/02/2018 12:10:18.303

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/02/2018 12:10:13**

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20367** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a opinión do Goberno galego referida á incidencia que están a ter as carencias e deficiencias denunciadas polos profesionais e persoas usuarias do transporte sanitario urxente na garantía dun servizo de calidade e dunhas condicións laborais dignas, o control que está a levar a cabo en relación co servizo que prestan as empresas concesionarias, así como as actuacións previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 220 do 30 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O servizo de emerxencias extrahospitalarias da Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivos principais garantir a accesibilidade, a equidade e a eficiencia dunha asistencia sanitaria urxente de máxima calidade ao conxunto da poboación galega.

A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 (FPUSG-061) realiza de maneira continua avaliacións tendo en conta os cambios demográficos, as variacións nas demandas sanitarias, as necesidades e actividades nas diferentes comarcas e concellos coa finalidade de mellorar a asistencia sanitaria urxente e acercar os avances tecnolóxicos á nosa cidadanía.

Para iso dispón dunha central equipada cos recursos tecnolóxicos máis avanzados, non só para identificar as necesidades asistenciais e dar a resposta máis adecuada á situación clínica que presenta o paciente no menor tempo posible, senón tamén para a detección inmediata do incremento da demanda e da repercusión no seu persoal tanto sanitario como non sanitario.

As ambulancias pertencentes á Rede de Transporte Sanitaria Urxente véñense de renovar cos últimos avances tecnolóxicos e médicos, ademais do incremento no número e horas de cobertura. Os nosos tempos de resposta en emerxencias son dos mellores de España.

A FPUSG-061 réunese periodicamente cos adxudicatarios do servizo do transporte sanitario urxente terrestre, cos do servizo de operación telefónica, así como coa xunta de persoal da propia Fundación e, sempre que se produce unha petición, de xeito extraordinario. Nestas reunións trátanse todos aqueles temas propostos que poidan ter relación coa calidade do servizo e con

melloras na súa prestación, así como sobre o seguimento do contrato.

Así mesmo, a Consellería de Sanidade reúnese cos representantes das distintas organizacións sindicais do sector, sempre que estas o demandan.

Os contratos vixentes subscritos entre a FPUSG-061 e as empresas adxudicatarias do servizo de transporte sanitario urxente terrestre recollen a obriga, destes últimos, con respecto ao persoal que empregue, ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de lexislación laboral e o disposto no Convenio Colectivo do sector durante toda a execución do contrato.

A FPUSG-061 tamén realiza unha inspección periódica de todos os vehículos para garantir que, durante o período de execución de contrato, cumpren con todas as características esixidas nos pregos. O 1 de xullo de 2016 ampliouse con 5 novas ambulancias asistenciais de soporte vital básico A Coruña, Tomiño, Rianxo, Ourense e Vilagarcía. Neste momento, a rede é suficiente para garantir a asistencia urxente . O uso de recursos alleos á rede sempre é valorada polo persoal facultativo da Central de Coordinación, sendo este un dos grandes beneficios de dispoñer dunha central de regulación médica. Os servizos nos que se utilizan como único medio de resposta son escasos e son empregados en pacientes que non presentan unha urxencia vital.

Tanto os responsables da Consellería de Sanidade como a dirección da FPUSG-061 manifestaron en diversas ocasións, que non se vai producir un traslado á Estrada sen previa negociación co persoal afectado. Para tal fin, constituirase, no seu momento, a mesa de negociación, da que formará parte tamén un representante do Servizo Galego de Saúde.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2018 12:10**  
**Nº Rexistro: 25470**  
Data envío: 07/02/2018 12:10:08.756

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/02/2018 12:10:03**

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20487** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a situación na que se atopa a asistencia sanitaria na vila de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa e a solución prevista pola Xunta de Galicia ao respecto”**, (publicada no BOPG número 220 do 30 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Vilaxoán está a 3,7 km de Vilagarcía. En Vilaxoán hai un médico e unha enfermeira que traballan en horario de mañán; non hai PSX polo que as xestións administrativas as teñen que realizar en Vilagarcía. No Centro de Saúde de Vilagarcía hai 21 médicos de familia, 5 pediatras, 20 enfermeiros, matrona, fisioterapeuta, odontólogo e conta con unidade de tarde polo que o horario é de 8 a 22h en consulta ordinaria. En canto á cobertura e substitución dos profesionais do Centro de Saúde, é un centro no que xeralmente organízanse para as vacacións e os días de libre disposición.

O día 6 de novembro de 2017 púxose de baixa a médico de Vilaxoán, cubríndose 3 días (luns, mércores e venres) cunha médico de familia do Centro de Saúde de Vilagarcía e o resto dos días dirixiuse aos pacientes ao Centro de Saúde de Vilagarcía, do mesmo xeito que se fai en verán. A titular de Vilaxoán incorporouse a súa praza o 9 de xaneiro de 2018.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 25522**  
Data envío: 07/02/2018 14:06:03.599

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/02/2018 14:05:59**



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/02/2018 16:30  
Nº Rexistro: 25520  
Data envío: 07/02/2018 14:05:40.848

Data 07/02/2018 14:05

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20677** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación na que se atopa a asistencia sanitaria, no concello de Trazo, e a solución prevista pola Xunta de Galicia ao respecto”**, (publicada no BOPG número 223 do 5 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No concello de Trazo, segundo os datos de Tarxeta Sanitaria (TS), hai 2.660 persoas con dereito a asistencia sanitaria que se presta en dous centros, no centro de Saúde de Viaño Pequeno (1.270 TIS asignadas) e no consultorio de Agro do Mestre (1.330 TIS asignadas).

O centro de saúde de Viaño Pequeno é atendido por un facultativo médico de familia de xeito presencial en horario de 8 a 15 horas de luns a venres.

No consultorio de Agro do Mestre a médico de familia efectivamente ten concedida unha redución de xornada conforme os supostos contemplados na lexislación vixente, sendo a súa axenda presencial de 8 am ata as 11:30 pm de luns a venres.

Pese a que se intentou por todos os medios, non foi posible cubrir a media xornada restante cun médico de familia xa que ningún aceptou traballar media xornada así que como solución consensuouse co médico de familia do centro de saúde de Viaño Pequeno, que ten un cupo menor, o facerse cargo fora dese horario laboral dos usuarios do cupo que precisen asistencia. As ausencias de facultativos sempre son cubertas ao 100% cando hai substitutos dispoñibles

A asistencia sanitaria neste concello está cuberta en base ás TIS totais, así como a oferta de consultas nas dúas axendas dos profesionais. Non obstante, estamos á espera de que a médico de

familia do consultorio de Agro do Mestre con media xornada amplíe esta ata os  $\frac{3}{4}$  de xornada, que se poderá facer efectiva en canto chegue o seu escrito de solicitude.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 25520**  
Data envío: 07/02/2018 14:05:40.848

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/02/2018 14:05:36**

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20720** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación da infraestrutura e dotación de persoal de enfermaría no Hospital comarcal de Monforte”**, (publicada no BOPG número 223 do 5 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 19.12.2017- polo conselleiro de Sanidade ao darlle resposta á pregunta 20721 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/02/2018 10:09**  
**Nº Rexistro: 25264**  
Data envío: 06/02/2018 10:09:39.064

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2018 10:09:30**

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20767** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a realización polo Goberno galego dalgunha avaliación da necesidade de crear un punto de atención continuada específico para os concellos de Barbadás, San Cibrao das Viñas e Toén, a súa opinión referida ás condicións nas que se atopa a atención sanitaria neles e as actuacións levadas a cabo ou previstas para atender as novas necesidades xeradas diante do aumento da poboación no concello de Barbadás e o seu contorno”**, (publicada no BOPG número 223 do 5 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A poboación de Barbadas, Toén e San Cibrao das Viñas está correctamente atendida nos Centros de Saúde da Valenzá, de Toén e de San Cibrao e no PAC de Ourense.

O 31 de xullo do ano 2006 creouse o PAC de Ourense, para atender aos usuarios da cidade de Ourense ademais de Toén, San Cibrao, Barbadas, Nogueira de Ramuín e Pereiro de Aguiar.

Está garantido o espazo temporal de 30 minutos para achegarse os usuarios destes concellos ata o Pac de Ourense. (O Concello de Barbadás está situado a unha distancia de 10,3 km de Ourense, en tempo 16 minutos; o Concello de Toén esta situado a unha distancia de Ourense de 15,2 km, en tempo 24 minutos e está separado de Barbadas a 13,8 km, en tempo 20 minutos. O Concello de San Cibrao das Viñas está a 12 minutos e 6,5 km de Ourense e a 8 minutos e 6,6 km de Barbadás).

No ano 2015, incrementouse unha praza de pediatra e enfermería de pediátrica, o que supuxo unha mellora significativa para a poboación en idade pediátrica así como para a poboación nova, que supón un volume moi importante no Concello de Barbadas.

No Concello de Barbadás atópanse dúas residencias socio-sanitarias, que atenden a pacientes

discapacitados o que supón que 293 pacientes, contan con persoal sanitario propio.

Desde o Pac de Ourense faise atención domiciliaria a todos os pacientes que polas súas necesidades físicas así o indican, polo que esta dotado de transporte.

A patoloxía desta zoa non é diferente á de outras da EOXI, nin do resto da Comunidade, se ben é verdade que a porcentaxe de maiores de 65 anos aquí é menor e polo tanto a prevalencia de pacientes crónicos complexos tamén o é.

Conta con atención pediátrica en xornadas de mañá e tarde, con matrona para a atención as mulleres en idade fértil e cunha carteira de servizos ampla, que da resposta ao problemas actuais de saúde desa poboación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/02/2018 10:09**  
**Nº Rexistro: 25263**  
Data envío: 06/02/2018 10:09:18.501

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2018 10:08:56



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20786** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don Luis Villares Naveira, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa demora existente no desenvolvemento normativo da Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia, as razóns da non publicación do decreto regulador antes do inicio da tramitación dos orzamentos para o ano 2018 e o establecemento dun proceso de consultas coas entidades e colectivos sociais para a súa redacción, así como os datos referidos á tramitación das solicitudes presentadas no ano 2017 para a concesión da Risga e as previsións ao respecto para o ano 2018”**, (publicada no BOPG número 223 do 5 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O decreto de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social, foi aprobado como proxecto de decreto o pasado mes de decembro de 2017, e de seguido procedeuse a sometelo a exposición pública para recoller suxestións. Actualmente se atopa na fase intermedia da súa tramitación, durante a que se recabarán os informes preceptivos e terá lugar a fase de audiencia.

Na elaboración desta norma téñense en conta as principais demandas propostas polas entidades de iniciativa social e o resto de axentes implicados para acadar un decreto o máis consensuado posible. Inclúirá a materialización de medidas novidosas, como a posta en marcha dos novos tramos de inserción e transición ao emprego da RISGA, así como unha serie de melloras que permitirán beneficiar aos perceptores desta prestación.

Así mesmo, a tramitación esixe a realización dunha memoria económica na que se cuantifique o importe que implicará a súa entrada en vigor, polo que se procederá a consignar na aplicación orzamentaria correspondente o crédito que resulte necesario para tal fin.

A transparencia na xestión da RISGA está garantida, non só pola normativa xenérica de transparencia que é de aplicación a toda a xestión da Xunta de Galicia, senón tamén pola propia publicidade do informe anual onde se recollen todos os datos estatísticos resultado da explotación da aplicación informática utilizada para a tramitación da prestación, que se publican tamén no IGE e se remiten ao Consello Económico e Social, e que permiten facer un balance da xestión anual.

A Consellería de Política Social publica anualmente un informe sobre a aplicación e avaliación da Lei de Inclusión Social de Galicia, que se atopa a disposición de calquera persoa interesada na páxina web da Consellería. O documento correspondente ao exercicio 2017 atópase actualmente en proceso de elaboración, e estará publicado dentro do primeiro semestre do ano, en cumprimento do compromiso adquirido pola Consellería de Política Social.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/02/2018 10:45**  
**Nº Rexistro: 25674**  
Data envío: 08/02/2018 10:45:00.183

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2018 10:44:41**



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/02/2018 16:30  
Nº Rexistro: 25518  
Data envío: 07/02/2018 14:05:20.848

Data 07/02/2018 14:05

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20863** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado quintela e dona noela Blanco Rodríguez, sobre **“a valoración da Consellería de Sanidade respecto dos problemas habituais que se están a producir no Centro de Saúde da Illa de Arousa, como consecuencia das deficiencias existentes nas súas instalacións e da non cobertura das baixas e vacacións dos seus profesionais, o cronograma previsto para a execución e posta en funcionamento das obras de ampliación e mellora do centro e a garantía da cobertura nel das ausencias dos profesionais titulares, así como o reforzo do servizo na época do verán”**, (publicada no BOPG número 223 do 5 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O expediente de licitación para a contratación das obras do Centro de Saúde da Illa de Arousa está publicado e pode consultarse na páxina web do Sergas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 25518**  
Data envío: 07/02/2018 14:05:20.848

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/02/2018 14:05:15**

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20280** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para non cubrir axeitadamente os permisos do persoal facultativo do Centro de Saúde das Pontes, o prazo estimado para o arranxo das deficiencias estruturais que presenta o seu edificio e as súas previsións respecto da dotación a ese centro dun aparello de raios X, así como do persoal necesario para o seu funcionamento”**, (publicada no BOPG número 223 do 5 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A reforma da atención primaria regulada no Decreto 200/93, de 29 de xullo, establece a carteira de servizos tanto de servizos coma das unidades de atención primaria. A carteira de Servizos do Centro de Saúde das Pontes é unha das máis completas da nos EOXI. Así esta carteira conta con todas as Unidades de Apoio de AP:

|                                                 |                       |
|-------------------------------------------------|-----------------------|
| Atención adolescente/adulto/anción              | Fisioterapia          |
| Atención ó paciente crónico                     | Teleoftalmoloxía      |
| Atención domiciliaria                           | Teledermatoloxía      |
| Atención á muller                               | Teleneuroloxía        |
| Programa do neno san                            | Atención farmacéutica |
| Atención-tramitación administrativa             | Ecografía             |
| Control do tratamento con anticoagulantes orais | Espirometría          |

IANUS

Citloxía

Cirurgía menor

Cribado cancro colorrectal

Saúde bucodental

Punto de Atención Continuada(PAC)

Estas prestacións están a ser desenvolvidas por profesionais sanitarios e non sanitarios que no caso do concello de As Pontes cumpre cos estándares establecidos tanto pola OMS (Organización Mundial da Saúde), coma por organizacións e sociedades científicas.

A día de hoxe estanse a substituír as dúas baixas existentes no Centro, dificultade coa que nos encontramos en períodos específico o longo do ano (nadal ou verán, pex.), nos que se xunta o desfrute de vacacións dos profesionais coas baixas laborais coas que nos atopamos en toda a Área, engadido aos poucos facultativos dos que dispoñemos como substitutos (todos contratados), polo que teñen que ser cubertos cos recursos propios.

O Servizo Galego de Saúde mantén a calidade da atención sanitaria, tanto no concello de As Pontes, como no resto dos concellos da área.

Os criterios de planificación sanitaria baséanse na frecuentación a poboación e a distancia ao centro de referencia; no caso que nos ocupa nos tres factores non se acadan os estándares que determinen a necesidade de dotación de equipo de radioloxía. A dotación axeitada para o centro como soporte do diagnóstico por imaxe é un ecógrafo do que xa dispón na actualidade. Con él pódense dar resposta as necesidades Asistenciais do primeiro nivel asistencial, e que ten dispoñibilidade para atender a demanda dos profesionais do centro.

Dicir, por último, que a actividade do Punto de Atención Continuada (PAC de AS Pontes) no ano 2017 foi a seguinte:

| ano 2017      | Urxencias<br>atendidas | Urxencias<br>derivadas<br>especializada | Urxencias<br>atendidas/día | %derviación a<br>A.E. |
|---------------|------------------------|-----------------------------------------|----------------------------|-----------------------|
| <b>TOTAIS</b> | <b>9.770</b>           | <b>641</b>                              | <b>26,77</b>               | <b>6,56%</b>          |



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2018 12:09**  
**Nº Rexistro: 25468**  
Data envío: 07/02/2018 12:09:48.646

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 72d8e648-0ae1-b5c3-cf52-b4679efa7d65

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2018 12:09**  
**Nº Rexistro: 25468**  
Data envío: 07/02/2018 12:09:48.646

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/02/2018 12:09:43**

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21033** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as razóns do Goberno galego para recortar as achegas de axudas públicas a entidades de apoio a persoas afectadas polo VIH, ou sida, e manter unha dotación orzamentaria insuficiente para o desenvolvemento do Programa de loita contra as drogodependencias, a realización dalgunha avaliación da implantación e dos resultados do Plan galego anti VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual para o período 2015-2018 e a súa valoración ao respecto”**, (publicada no BOPG número 226 do 14 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No orzamento da Consellería de Sanidade para 2018 no se teñen reducido as axudas públicas ás entidades de apoio a persoas afectadas polo VIH nin a dotación orzamentaria destinada ao Programa de loita contra as adicións (drogas e outras adicións).

En relación á **prevención do VIH/Sida e outras ITS**, para o ano 2018 para entidades sen ánimo de lucro que traballan neste campo, segundo a Orde de subvencións (concorrenza competitiva), ten un **incremento no seu orzamento do 34%** respecto a anterior convocatoria.

Na área asistencial, o orzamento para 2018 aos programas da rede de drogas incrementouse nun 5%.

A mesma situación sucede na área do convenio coa FEGAMP. Neste caso, o incremento é do 21 % respecto do orzamento inicial do 2017.

O Plan galego anti VIH/sida monitorízase continuamente e o pasado 21 de novembro de 2017 presentáronse os resultados dos indicadores principais deste Plan ante a Comisión Galega de Coordinación e Seguimento da Actividade fronte á Infección por VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual (ITS).

Os principais resultados desta avaliación foron o inicio dunha tendencia descendente de casos de VIH en Galicia e o mantemento dun elevado diagnóstico tardío dos novos casos de VIH, nunha

porcentaxe similar o do resto de España.

A Consellería de Sanidade, a través do Plan galego anti VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual (ITS) 2015-2018, mantén unha relación fluída e constante coas entidades que apoian as persoas afectadas polo VIH no marco da colaboración mutua no mantemento de diversos programas como o de promoción do uso do preservativo, de paquetes de inxección hixiénica, da proba rápida de VIH ou da difusión de información preventiva mediante material divulgativo. A Consellería de Sanidade, a través do Plan galego anti VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual (ITS) 2015-2018, mantén o seu compromiso absoluto na loita contra esta enfermidade e no apoio ás persoas afectadas e ás asociacións que traballan neste eido, así en concepto de asistencia sanitaria e medicación antirretroviral mantemos un orzamento na atención sanitaria das persoas afectadas de preto de 60 millóns de euros cada ano. Incorporamos novos programas preventivos nos últimos anos como o Programa de probas rápidas de VIH en fluído oral, a creación da páxina en Facebook Sex Invaders, a Campaña de prevención en apps de ligar entre homes, a inclusión do programa preventivo Xente con Don no Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dirixido a centros de ensinanza secundaria, bacharelato e ciclos formativos de Galicia, a creación do perfil en Instagram Sex Invaders e a apertura do blog: [www.itsinvaders.com](http://www.itsinvaders.com) e a Implantación no Sistema de Saúde de Galicia das Recomendacións para o diagnóstico precoz do VIH en Galicia.

E tamén levamos a cabo programas de mellora na vixilancia epidemiolóxica desta enfermidade mediante a aposta pola dixitalización no proceso de notificación e pola integración do Rexistro Galego da Sida co Sistema de Información Galego sobre a Infección polo VIH.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 25552**  
Data envío: 07/02/2018 15:42:22.307

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/02/2018 15:42:00**

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21053** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as actuacións que vai levar a cabo a Consellería de Sanidade para solucionar as deficiencias existentes no funcionamento da Unidade Específica de Asbestose do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol, o protocolo que se está a aplicar para derivar a atención primaria aos doentes afectados e a solución prevista para o tratamento das persoas con patoloxías causadas polo amianto e que residan fóra da área sanitaria de Ferrol”**, (publicada no BOPG número 226 do 14 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde planifica a actividade asistencial co obxectivo de dar resposta ás necesidades dos pacientes que, nestes casos son cambiantes e dependen en grande medida do número de cidadáns que se incorporan ao programa. As persoas que se incorporan ao programa son persoas xubiladas, dado que durante a vida laboral non é o servizo público sanitario o responsable da súa asistencia. A incorporación de pacientes ao programa desde atención primaria está protocolizada, e polo que se especifican as probas que deben se deben realizar.

Cando a demanda o require se incrementa a oferta de consultas de pneumoloxía, así como das probas complementarias máis complexas para dar unha resposta áxil.

O seguimento dos casos leves asintomáticos son asumidos polo médico de atención primaria, segundo o protocolo establecido.

Mantéñense as reunións periódicas de seguimento do programa coa asociación AGAVIDA e as organizacións sindicais. Nelas realízase unha avaliación do programa que é ben valorado polos mesmos.

Na EOXI de Ferrol está vixente desde o ano 2010 un protocolo elaborado polo servizo de Pneumoloxía e presentado na Comisión de seguimento de traballadores con posible exposición ao amianto no que se especifican de xeito claro os fluxos para derivar aos pacientes con sospeita de

exposición ao asbesto desde atención primaria á pneumoloxía, así como o seguimento daqueles casos leves polo seu médico de cabeceira.

Na actualidade se está a actualizar o protocolo tendo en conta o documento número 72 de *Normativa SEPAR: 'Recomendaciones sobre el diagnóstico y el manejo de la patología pleural y pulmonar por asbesto'*. Este documento foi coordinado a nivel nacional pola responsable do Servizo de Pneumoloxía do CHUF (Complejo Hospitalario Universitario de Ferrol) e presentado nun acto público en Ferrol promovido por AGAVIDA e que contou ca presenza da Xerencia da EOXI de Ferrol.

Segundo os datos do Ministerio de Empleo y Seguridad Social, a prevalencia da asbestose recoñecida como enfermidade profesional entre os anos 1990-2010 nas provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra é nula. Destaca a provincia da Coruña na que están declarados 86 casos como enfermidade profesional. O maior volume destes casos produciuse na comarca de Ferrol ligada ao traballo no naval. Os datos dos que dispoñemos actualmente confirman esta información, unha vez que na área de Vigo son seguidos en consultas de pneumoloxía no HAC aproximadamente 30 pacientes. A incidencia desta patoloxía na comarca de Vigo é comparable ao resto de España.

En cada área sanitaria xa se dispón de un protocolo de diagnóstico e seguimento das enfermidades pulmonares en relación coa exposición ao amianto e asbesto, e nestes momentos estamos a traballar na definición dun protocolo de atención único para toda Galicia. Polo tanto desde o Servizo Galego de Saúde, consideramos que o actual modelo de atención á exposición ao asbesto e amianto en Galicia cumpre co nivel de calidade necesarios.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2018 12:09**  
**Nº Rexistro: 25467**  
Data envío: 07/02/2018 12:09:36.912

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/02/2018 12:09:31**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21087** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don David Rodríguez Estévez, sobre **“a opinión do Goberno galego en relación coas condicións de cancelación do servizo das casas niño e a necesidade de modificar a Orde do 6 de maio de 2016 establecendo a posibilidade de suspendelo sen que supoña a devolución íntegra da prima de apoio, a posible valoración doutro tipo de relación laboral coas persoas titulares e a viabilidade dese sistema, así como as súas razóns para non darlle resposta escrita ás solicitudes dunha persoa titular dunha Casa niño”**, (publicada no BOPG número 226 do 14 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 31.01.2018- ao darlle resposta á pregunta 22256 sobre o similar tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/02/2018 10:24**  
**Nº Rexistro: 25664**  
Data envío: 08/02/2018 10:24:05.784

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2018 10:23:59**

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21187** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“o nomeamento da ex conselleira de Sanidade para a dirección da empresa pública Galaria, encargada de xestionar a alta tecnoloxía do Sergas”**, (publicada no BOPG número 226 do 14 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Galaria é unha empresa pública, cuxa xerencia pode ser ocupada por unha funcionaria de carreira, como é o caso da exconselleira de Sanidade, que pasa a unha situación de servizos especiais na súa praza de inspectora médica. Non se constata incumprimento da normativa de incompatibilidades.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2018 12:09**  
**Nº Rexistro: 25464**  
Data envío: 07/02/2018 12:09:01.708

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/02/2018 12:08:57**

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21476** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o prazo previsto polo Sergas para a realización das melloras necesarias no Hospital de Monforte, a súa opinión referida á suficiencia da dotación orzamentaria consignada para ese fin para o ano 2018 e as súas intencións en relación co mantemento da actual dependencia de Lugo do servizo de mantemento do centro, así como a existencia dalgún informe técnico respecto do estado da fachada”**, (publicada no BOPG número 230 do 20 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 19.12.2017- polo conselleiro de Sanidade ao darlle resposta á pregunta 20721 sobre similar tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2018 12:08**  
**Nº Rexistro: 25463**  
Data envío: 07/02/2018 12:08:50.411

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/02/2018 12:08:44**

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21539** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**a valoración pola Xunta de Galicia da necesidade de mellorar os cadros de persoal dos hospitais do Sergas co fin de reducir as situacións de saturación nos servizos de urxencias, os tempos de espera aceptables para a primeira atención médica neles e o ingreso en planta e a data de coñecemento das previsións de colapso denunciadas polos profesionais e as organizacións sindicais, así como a suficiencia dos profesionais incrementados para atender a demanda**”, (publicada no BOPG número 230 do 20 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde elabora anualmente os correspondentes 'Plans de Continxencia' en cada unha das EOXI. Os plans recollen e planifican as accións a levar a cabo nos distintos hospitais das EOXI a fin de controlar as consecuencias debidas á propagación de onda de infección, evitar que se produzan abrochos dentro dos centros sanitarios, planificar os posibles picos de demanda nos diferentes dispositivos asistenciais, prestar a mellor asistencia posible a pacientes con gripe tratando de minimizar a incidencia sobre o funcionamento nos Hospitais e describir os procedementos alternativos ao orden habitual da organización co fin de permitir ao máximo o normal funcionamento, contemplando a necesidade de habilitación de espazos específicos e de recursos tanto estruturais como de persoal según vaian crescendo as necesidades asistenciais durante esta época invernal.

O Servizo Galego de Saúde tamén conta coa información elaborada e remitida polo **Servizo de Vixilancia Epidemiolóxica da Dirección Xeral de Saúde Pública** (p.e. actividade gripal con intensidade, tendencia, difusión da onda da gripe, etc.)

A atención urxente de pacientes conleva a necesidade de dispoñer de dispositivos que permitan a selección de pacientes en función da gravidade das doenzas que presentan, proceso clave para a adecuada atención da demanda urxente, isto é a '**Triaxe**', que se leva a cabo por persoal sanitario

en todos os servizos de urxencias hospitalarias de rede pública de Galicia, concretamente a 'Triaxe Manchester' de utilización internacional, que clasifica aos pacientes en función da gravidade e necesidade de asistencia segundo un código de cores (vermello, laranxa, amarelo, verde, azul e branco) e marca uns tempos estándar de asistencia (ata o primeiro contacto médico) diferentes segundo este código de cores.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2018 12:08**  
**Nº Rexistro: 25460**  
Data envío: 07/02/2018 12:08:04.286

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/02/2018 12:07:42**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 22073**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“se o Goberno galego coñece a problemática do Punto de Encontro Familiar de Pontevedra e a súa opinión acerca da oportunidade de situalo no edificio en rehabilitación propiedade da Xunta de Galicia sito na rúa Benito Corbal”**, (publicada no BOPG número 237 do 11 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 31.01.2018- ao darlle resposta á pregunta 22072 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/02/2018 12:43**  
**Nº Rexistro: 25745**  
Data envío: 08/02/2018 12:43:42.947

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2018 12:43:20**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 12772** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a aplicación definitiva do proxecto “Dragado ambiental dos sedimentos da ría do Burgo”**, (publicada no BOPG número 157 do 3 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, cómpre reiterar que a Xunta de Galicia velará, como non pode ser doutro xeito, para que se cumpran todos os compromisos adquiridos coa ría do Burgo e para que se orzamente e execute todo o imprescindible para o desenvolvemento desta actuación. O obxectivo do Goberno galego é que o dragado sexa unha realidade no máis breve prazo de tempo posible.

De feito, desde a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio solicitóuselle en varias ocasións ao Goberno central, administración que acometerá esta actuación, a máxima axilidade posible no inicio do dragado da ría do Burgo.

Por parte do Ministerio trasladóuselle ao Goberno galego que porá en marcha unha comisión na que estarán representadas todas as administracións implicadas. Esta comisión asesorará á dirección técnica da obra e ao responsable da vixilancia ambiental.

Neste sentido, contarase cun plan de vixilancia ambiental que estará operativo antes, durante e despois da actuación na ría. A súa finalidade será que os labores e actividades que se realicen no marco da obra garantan a protección efectiva dos ecosistemas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 25038**  
Data envío: 02/02/2018 14:23:20.169

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/02/2018 14:23:15**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 12784** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego relacionadas co incremento da superficie da Rede Natura 2000, o aumento do nivel de protección da biodiversidade, a modificación ou derogación do plan director e a utilización do Mecanismo de Financiamento do Capital Natural, así como a cantidade de fondos comunitarios utilizados pola Xunta de Galicia destinados a financiar a Rede Natura 2000 dende 2009 a 2017”**, (publicada no BOPG número 157 do 3 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Nas previsións realizadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural para esta lexislatura atópase a elaboración dunha nova proposta de declaración de lugares de importancia comunitaria (LIC) ou ampliación dos xa existentes. Actualmente, estase a recompilar a información de base para a elaboración da dita proposta para proceder á delimitación dos novos espazos protexidos, á caracterización dos mesmos e á tramitación da proposta de ampliación da rede Natura 2000.

O Plan Director é o marco normativo básico da Rede Natura 2000 en Galicia, e, como tal, é posible o seu desenvolvemento a través da elaboración de Plans de Xestión e Conservación para espazos que contén con singularidades que así o aconsellen. Neste sentido, actualmente están en redacción o plan reitor do parque nacional Illas Atlánticas, os plans de conservación de dous monumentos naturais, e tamén se iniciará a redacción dos plans de cada un dos parques naturais de Galicia. Todos estes instrumentos de planificación

regularán aspectos concretos destes espazos e completarán a regulación dada polo Plan Director.

O importe total de fondos comunitarios empregados na Rede Natura nos últimos 9 anos supera os 31,5 millóns de euros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2018 12:14**  
**Nº Rexistro: 25498**  
Data envío: 07/02/2018 12:14:53.961

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/02/2018 12:14:48**



RS/kd

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 12942**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Martín Fernández Prado e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o balance da Xunta de Galicia respecto as estacións intermodais e as datas previstas para acadar estas infraestruturas.”**, (publicada no BOPG número 158 do 04 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda en resposta á pregunta oral en Pleno número 21844, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da sesión plenaria celebrada o 23 de xaneiro de 2018, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/02/2018 10:46**  
**Nº Rexistro: 25680**  
Data envío: 08/02/2018 10:46:13.371

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2018 10:46:03**



RS/kd

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 12977**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a non apertura do novo carril da autoestrada AP-9 no tramo coincidente co colexio Igrexa en Chapela (Redondela), mentres os nenos e as nenas non sexan trasladados ao novo colexio.”**, (publicada no BOPG número 158 do 04 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“O director xeral de Estradas do Ministerio de Fomento e a subdelegada do Goberno en Pontevedra presidiron, o 8 de xaneiro de 2018, unha reunión con representantes da Xunta de Galicia, do Concello de Redondela, da sociedade concesionaria da AP-9, Audasa, así como da dirección do Centro Escolar A Igrexa (Chapela) e a súa ANPA, na que lles trasladaron que se acometerá unha reordenación de movementos do acceso da N-552 cara á AP-9, á altura do centro escolar, para facilitar así a súa incorporación mediante o terceiro carril executado de forma provisional.

Durante o encontro tamén se analizaron as medidas de seguridade xa adoptadas no centro ata que o novo colexio estea construído. Neste sentido, abordáronse tanto o muro de formigón executado (calculado para soportar o impacto dun vehículo pesado), sobre o que se dispuxo unha pantalla antirruído, como o sistema de contención mediante barreira ríxida de formigón que se dispón ao longo da fronte do colexio. Coas ditas medidas melloráronse de forma substancial as condicións de contención e seguridade do centro educativo e a súa separación da autoestrada, con respecto ás que tiña con anterioridade ás obras.

En canto á construción do novo centro educativo, segundo ten informado o Ministerio de Fomento, unha vez finalizada a necesaria tramitación urbanística e aprobado o proxecto do novo colexio a finais de 2017, prevese a licitación e comezo das obras na próxima primavera. Segundo a información dispoñible, as previsións son que a nova infraestrutura educativa entraría en funcionamento para o inicio do curso 2019-20.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/02/2018 10:45**  
**Nº Rexistro: 25679**  
Data envío: 08/02/2018 10:45:58.730

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2018 10:45:54**



RS/kd

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13056**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **a situación da estrada AC-566 entre Valdoviño e Cedeira.**”, (publicada no BOPG número 158 do 04 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Administración autonómica ten coñecemento da necesidade de acondicionar a estrada AC-566 entre Valdoviño e Cedeira, en concreto e principalmente, no relativo á mellora e modificacións do trazado en curvas.

Co fin de dar resposta á dita necesidade, tal e como estaba comprometido, estanse a realizar nestes momentos as análises previas e os trámites necesarios para adxudicar o correspondente contrato de redacción do proxecto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/02/2018 10:45**  
**Nº Rexistro: 25678**  
Data envío: 08/02/2018 10:45:49.105

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2018 10:45:44**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13059** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os problemas de saneamento existentes no concello de Barreiros, e a inclusión nos orzamentos de 2018 das partidas necesarias para a construción dunha EDAR”**, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Dentro das súas competencias e, concretamente, en relación co saneamento de Barreiros, Augas de Galicia asinou o contrato para a redacción do proxecto construtivo para a fase 1 de mellora e ampliación das infraestruturas de saneamento e abastecemento en Barreiros. Como resultado deste contrato, redactouse o proxecto, que en abril de 2017 obtivo informe de supervisión favorable de Augas de Galicia.

Actualmente, seguese a traballar co concello, que é o que ten as competencias e coñece as posibles deficiencias do sistema, para analizar as actuacións que se consideren prioritarias. Para isto, estase tramitando a redacción do proxecto construtivo denominado ‘Nova EDAR de San Miguel de Reinante’.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 25211**  
Data envío: 05/02/2018 15:09:56.184

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2018 15:09:51**



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/02/2018 12:14  
Nº Rexistro: 25495  
Data envío: 07/02/2018 12:14:22.679

Data 07/02/2018 12:14

RS/ms

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta número 7791, de igual contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 193, do 16 de outubro de 2017, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 25032**  
Data envío: 02/02/2018 14:22:20.497

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/02/2018 14:22:15**



RS/kd

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13163**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Moisés Blanco Paradelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os resultados da aplicación da Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia”**, (publicada no BOPG número 159 do 07 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta número 8330, de igual contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 193, do 16 de outubro de 2017, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 25031**  
Data envío: 02/02/2018 14:22:10.825

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/02/2018 14:22:04**



RS/kd

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13723**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e don José Manuel Pérez Seco, sobre **“o impacto que as políticas comerciais do goberno dos Estados Unidos poden ter no sector galego da automoción”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A automoción é un dos sectores máis importantes da economía galega, que ten permitido crear 1.350 novos empregos desde 2012, alcanzando a cifra de preto de 20.000 postos de traballo directos o que supera e máis de 45.100 emprego totais, segundo as cifras da Fundación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA). Ademais esta organización cifra os investimentos do sector nos últimos catro anos en 630 millóns de euros co obxectivo de adaptar as súas capacidades de cara ao futuro e reforzar o seu nivel de excelencia, aumentando o investimento en innovación.

Estas datos amosan unha evolución positiva da industria da automoción en Galicia, que actualmente supera os niveis de ocupación e facturación existentes en 2009 grazas a senllos Plan Estratéxicos, que están plenamente integrados na Estratexia de Especialización Intelixente RIS3 e na Axenda Galicia - Industria 4, e que, polo tanto, apostan por valores como o talento, a calidade ou o I+D+i como principais credenciais para diferenciarse e competir no mercado internacional.

De feito, case o 87% das empresas de compoñente de CEAGA envía produtos ao exterior, concretamente a países como Francia, Portugal, Alemaña, Reino Unido, Arxentina, China, Italia, Estados Unidos Polonia e Turquía, traballando para case todos os construtores do mundo, o que evidencia que están preparadas para seguir a competir en calquera mercado.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do IGAPE, mantén un contacto permanente co tecido produtivo galego para articular os instrumentos de apoio que permitan impulsar ou reforzar a súa presenza nos mercados exteriores de maior interese, coa colaboración de organizacións representativas como clústeres e cámaras de comercio, no marco da Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2020.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 25028**  
Data envío: 02/02/2018 14:21:38.903

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/02/2018 14:21:33**



RS/kd

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17412**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e don José Manuel Pérez Seco, sobre **“o mantemento pola Xunta de Galicia dalgunha xuntanza co clúster da automoción e as diferentes empresas para abordar a problemática derivada do novo escenario que se está a producir ao redor da industria da automoción, a súa opinión ao respecto e as solucións e axudas que se están a valorar, así como a definición destas en colaboración cos diferentes axentes económicos e sociais afectados”**, (publicada no BOPG número 188 do 06 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A automoción é un dos sectores máis importantes da economía galega, que ten permitido crear 1.350 novos empregos desde 2012, alcanzando a cifra de preto de 20.000 postos de traballo directos o que supera e máis de 45.100 emprego totais, segundo as cifras da Fundación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA). Ademais esta organización cifra os investimentos do sector nos últimos catro anos en 630 millóns de euros co obxectivo de adaptar as súas capacidades de cara ao futuro e reforzar o seu nivel de excelencia, aumentando o investimento en innovación.

Estas datos amosan unha evolución positiva da industria da automoción en Galicia, que actualmente supera os niveis de ocupación e facturación existentes en 2009 grazas a senllos Plan Estratéxicos, que están plenamente integrados na Estratexia de Especialización Intelixente RIS3 e na Axenda Galicia - Industria 4, e que, polo tanto, apostan por valores como o talento, a calidade ou o I+D+i como principais credenciais para diferenciarse e competir no mercado internacional.

Precisamente, o traballo realizado polas empresas da automoción, con CEAGA, o CTAG e a propia Xunta de Galicia neste eido - con programas como as unidades mixtas de investigación, o Conecta Peme ou os proxecto Piloto 4.0, entre outros - é que ten posibilitado que o futuro estea garantido cos novos encargos de PSA, K9 e V20, que implican uns investimentos de 3.000 millóns de euros e unha carga de traballo para un mínimo de dez anos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 25023**  
Data envío: 02/02/2018 14:20:56.856

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/02/2018 14:20:51**



RS/kd

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17852**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de dona Sandra Vázquez Domínguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os resultados da posta en marcha das aceleradoras de empresas en distintos puntos de Galicia e as previsións para a súa extensión”**, (publicada no BOPG número 188 do 06 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Desde o ano 2014 se ven colaborando con diferentes programas de aceleración na comunidade autónoma que están a poñer á disposición dos emprendedores galegos de carácter innovador un amplo ecosistema de apoio ao impulso e consolidación das súas iniciativas empresariais, que se materializa na Rede Galega de Aceleradoras.

Nesta rede participan programas como Agrobiotech en Lugo e Ourense; Vía Galicia en Vigo e Lugo, en colaboración coa Zona Franca; Business Factory Auto en Vigo, coa alianza de PSA e o Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA); o Galicia Open Future con Telefónica e Connecting for good Galicia, xunto con Vodafone, ou a primeira Incubadora de novos fármacos en España, xunto a multinacional Johnson & Johnson (a través da súa filial Janssen-Cilag) e a Fundación Kertor, en Santiago.

Tamén están os diferentes espazos de *coworking*, en colaboración da Fundación Escuela de Organización Industrial (EOI), co obxectivo de dinamizar a economía e a creación de emprego no ámbito rural, así como os seis programas de aceleración - Avalanza, Kaleido, Océano Azul, Connector, Zarpamos e Senda StartUp - apoiados por GAIN a través dunha convocatoria de axudas pioneira dirixida a promover o emprendemento innovador desde o eido privado en Galicia.

Polo tanto, a Rede Galega de Aceleradoras de Innovación, impulsada pola Xunta, permite dotar a Galicia dun completo mapa de aceleradoras especializadas naquelas temáticas e sectores clave para o crecemento económico da nosa comunidade. De feito, xa se teñen apoiado nos últimos catro anos máis de 500 proxectos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/02/2018 11:46**  
**Nº Rexistro: 24815**  
Data envío: 01/02/2018 11:46:10.715

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 11:46:05**



RS/kd

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17853**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don Moisés Blanco Paradelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións de impulso á innovación das empresas postas en marcha pola Administración autonómica a través da compra pública innovadora”**, (publicada no BOPG número 188 do 06 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Compra Pública Innovadora (CPI) é un instrumento de fomento da innovación a través da actuación administrativa, orientado a potenciar o desenvolvemento de novos mercados innovadores desde a demanda. Neste sentido, a compra pública innovadora ten entre os seus obxectivos potenciar solucións innovadoras que permiten prestar servizos públicos máis adecuados ás necesidades reais dos cidadáns e ás tendencias socioeconómicas. Ao mesmo tempo permite xerar un efecto tractor sobre os sectores produtivos e as empresas.

Polo tanto, a compra pública innovadora representa un importante estímulo á innovación empresarial e en Galicia se está a realizar unha grande aposta pola seu desenvolvemento como pon de manifesto o feito de que, no pasado período de programación (2007-2013), a nosa comunidade executou preto do 40% de todo o investimento realizado en España.

No período 2014-2020 a Xunta de Galicia continuará traballando no aproveitamento das oportunidades da compra pública innovadora. Así pois, desde esta administración estanse a executar proxectos por preto de 100 millóns de euros, destacando iniciativas como o polo tecnolóxico e industrial de vehículos non tripulados de Rozas. Ademais pronto se porá en marcha o novo programa Impulsa CPI, que busca consolidar a Galicia como un referente neste instrumento.

En todo caso, o carácter pioneiro na utilización da compra pública innovadora pola Xunta de Galicia levou ao Ministerio de Economía, Industria y Competitividad a outorgar á Axencia Galega de Innovación (GAIN) o Premio Nacional de Innovación 2016 nesta modalidade grazas ao polo tecnolóxico e industrial de Rozas; un galardón que tamén recibiu o SERGAS en 2013 polos proxectos InnovaSaúde e Hospital 2050. Igualmente, cómpre destacar que os proxectos de Galicia neste eido están sendo empregados como exemplo pola Fundación COTEC o mesmo polo Banco Interamericano de Desarrollo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/02/2018 11:45**  
**Nº Rexistro: 24814**  
Data envío: 01/02/2018 11:45:59.606

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 11:45:55**

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21077** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns das reiteradas demoras na resolución das axudas para a implantación de medidas preventivas fronte aos ataques do lobo e do xabaril, a insuficiencia do prazo establecido para a súa xustificación e as previsións do Goberno galego ao respecto, así como as súas intencións en relación cos danos que ocasiona o porco bravo nos cultivos e as medidas que está a adoptar para controlar a súa poboación e diminuír o seu impacto na actividade agrogandeira”**, (publicada no BOPG número 226 do 14 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Tal e como se establece no artigo 2 da orde do 4 de agosto de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a prevención dos danos que causan determinadas especies de fauna silvestre e se convocan para o 2017, subvencionarase para a prevención de danos ocasionados polo lobo: a adquisición de cans para a protección e defensa do gando, pastores eléctricos e de cerrumes de malla electrificada, cuxa adquisición se faga con posterioridade á publicación desta orde.

Deste xeito tendo en consideración que a orde publicouse en agosto e que as primeiras resolucións de concesión destas axudas foron emitidas a finais de novembro os beneficiarios dispuxeron dun período de tres meses para a adquisición dos elemento incluídos na orde e a xustificación documental.

A súa tramitación segue o procedemento establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sendo necesario e preceptivo o respecto de diferentes procedementos, para a correcta resolución das mesmas.

O Goberno galego é consciente dos problemas ocasionados polo xabaril nos últimos anos, tanto nos cultivos agrícolas do rural como nas zonas periurbanas. Por esta razón, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio puxo en marcha un amplo paquete de medidas para intentar diminuír estas posibles afeccións.

Deste xeito, incrementouse a presión cinexética sobre esta especie, pasando de de 7.452 exemplares capturados na tempada de caza 2007-2008 a preto de 16.000 exemplares no período 2016-2017. Froito das reunións mantidas cos representantes do sector cinexético, acordouse o incremento no número de batidas efectivas a realizar

Ademais, e coa finalidade de axilizar e actuar coa maior rapidez na toma de decisións para minimizar os danos producidos pola especie, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural actúa coordinada e directamente co sector agrario e cos cazadores, celebrando reunións onde se definen as zonas de conflito e se establecen uns protocolos de actuación para reducir os danos agrícolas producidos polo xabaril de xeito áxil, así como as medidas a adoptar para a prevención dos danos.

Baixo a tutela da Dirección Xeral tense constituído un grupo de traballo no que, ademais de representantes da administración autonómica, intégranse representantes dos distintos sectores (cinexético, sector agro-gandeiro) a Dirección Xeral de Tráfico (DGT), a Demarcación de Estradas do Estado en Galicia e membros do SEPRONA.

Dentro deste Plan, contéplanse unha serie de actuacións encamiñadas a mellorar a xestión e aproveitamento da especie, os danos producidos na agricultura, os danos ocasionados por accidentes de tráfico e a mellora da información sobre a especie

Ademais, no 2017, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio publicou unha nova orde de axudas de prevención de danos por fauna silvestre, cun orzamento inicial de 300.000 euros, para a adquisición de pastores eléctricos para a protección dos cultivos agrícolas, continuando coa aposta deste Goberno pola prevención.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2018 12:09**  
**Nº Rexistro: 25466**  
Data envío: 07/02/2018 12:09:25.240

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/02/2018 12:09:17**



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/02/2018 09:30  
Nº Rexistro: 25447  
Data envío: 06/02/2018 20:04:27.104

Data 06/02/2018 20:04

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 15381**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns de Portos de Galicia para demorar a execución dos convenos asinados co Concello de Poio para o acondicionamento das zonas portuarias de Covelo e Raxó e as previsións do Goberno galego respecto da súa posta en marcha fóra da época estival”**, (publicada no BOPG número 175, do 14 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Nos portos de Raxó e Covelo no ano 2011, o entón presidente de Portos de Galicia, presentou un proxecto de mellora integral conxunta cun orzamento de 4 millóns de euros. Este plan incluía humanización de espazos, ampliación de instalacións e ordenación do porto, entre outras actuacións.

O novo contexto económico xurdido en 2012 obrigou a segmentar esta proposta co obxectivo de ir executándoa por fases, paralelamente en Raxó e Covelo. Creouse ademais unha comisión de seguemento co Concello e veciños da zona para establecer as prioridades de actuación.

Esta comisión de seguemento marcou como prioridades a construción dunha pasarela peonil de acceso ao porto de Raxó e a ampliación e humanización da contorna da ponte de Covelo, así como os traballos orientados á mellora da seguridade peonil en nas dúas localidades. En ambos casos as obras están xa executadas (a de Covelo acaba de rematar). Os investimentos foron de de máis de 200.000 euros en cada caso.

A estas actuacións súmanse outras de conservación e mantemento executadas en ambos peiraos como a grúa elevadora de embarcacións ou o paseo por riba da escolleira en Raxó.

En total estamos a falar dun importantísimo investimento no portos de Raxó e Covelo así como nos outros dous peiraos do Concello de Poio, Combarro e Campelo, por importe de arredor de 600.000 euros nun contexto económico de especial dificultade, no que Portos de Galicia mostrou o seu compromiso co Concello de Poio.

Páxina 1 de 2

Un compromiso que segue a quedar de manifesto a día de hoxe cando está a piques de empezar outra das obras máis demandadas polo sector portuario de Poio, como é a dragaxe de Campelo (cun orzamento de 50.000 euros e o inicio de obra previsto para antes de final de ano se a climatoloxía o permite).

Polo tanto, Portos de Galicia está a traballar pola mellora portuaria do conxunto dos peiraos de Poio e de Raxó e Covelo en concreto, onde xa están executadas as dúas actuacións que foron sinaladas polo propio sector e o Concello como prioritarias.

A proposta de máximos presentada en 2011 resultaba altamente ambiciosa e Portos de Galicia está a dar pasos para a súa consecución de xeito progresivo e en función da dispoñibilidade orzamentaria de cada momento. Neste sentido, o ente público está actualmente en contacto directo con Augas de Galicia para a proxección dunha nova actuación demandada pola comisión de seguemento dos Proxectos de Raxó e Covelo: a humanización do bordo portuario de Raxó (que inclúe a definición dunha zona semipeonil, adoquinado e pavimentación da zona)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/02/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 25447**  
Data envío: 06/02/2018 20:04:27.104

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2018 20:04:23**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21254** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a información do Goberno galego en relación cos prazos previstos para a licitación e execución do proxecto de dragaxe ambiental da ría do Burgo, a consignación dalgunha partida orzamentaria para participar no seu cofinanciamento e as medidas que vai adoptar para paliar as afeccións das obras de saneamento na actividade marisqueira da ría”**, (publicada no BOPG número 226 do 14 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, cómpre reiterar que a Xunta de Galicia velará, como non pode ser doutro xeito, para que se cumpran todos os compromisos adquiridos coa ría do Burgo e para que se orzamente e execute todo o imprescindible para o desenvolvemento desta actuación. O obxectivo do Goberno galego é que o dragado sexa unha realidade no máis breve prazo de tempo posible.

De feito, desde a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio solicitóuselle en varias ocasións ao Goberno central, administración que acometerá esta actuación, a máxima axilidade posible no inicio do dragado da ría do Burgo.

Por parte do Ministerio trasladóuselle ao Goberno galego que porá en marcha unha comisión na que estarán representadas todas as administracións implicadas. Esta comisión asesorará á dirección técnica da obra e ao responsable da vixilancia ambiental.

Neste sentido, contarase cun plan de vixilancia ambiental que estará operativo antes, durante e despois da actuación na ría. A súa finalidade será que os labores e actividades que se realicen no marco da obra garantan a protección efectiva dos ecosistemas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/02/2018 10:54**  
**Nº Rexistro: 24968**  
Data envío: 02/02/2018 10:54:18.854

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/02/2018 10:54:14**



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/02/2018 16:30  
Nº Rexistro: 25204  
Data envío: 05/02/2018 15:06:36.042

Data 05/02/2018 15:06

RS/kd

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 22392**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as xestións realizadas pola Xunta de Galicia desde o pleno do pasado 17 de outubro de 2017 para garantir a viabilidade e a continuidade da empresa Maderas Iglesias.”**, (publicada no BOPG número 243 do 19 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria** que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria con motivo do debate da pregunta 23165 que tivo lugar na sesión plenaria do 24 de xaneiro de 2018.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2018-01-24?part=4b8c8b93-df3a-4223-aea1-8019d368fe2c&start=4307.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 25204**  
Data envío: 05/02/2018 15:06:36.042

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2018 15:06:31**



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 22586**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco, sobre **“o número de vivendas de uso turístico existente en cada un dos concellos de cada provincia de Galicia, dende a entrada en vigor do Decreto 12/2017”**, (publicada no BOPG número 243 do 19 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Os datos dos aloxamentos turísticos en Galicia veñen sendo publicados mensualmente na páxina web de Turismo de Galicia. Estes datos ofrecen múltiples posibilidades de consulta, polo que o número de vivendas de uso turístico por concellos está sendo publicado desde un primer momento.

Xúntase o link para acceder a información:

[http://www.turismo.gal/espazo-profesional/directorio-de-empresas-e-establecementos-turisticos?langId=gl\\_ES](http://www.turismo.gal/espazo-profesional/directorio-de-empresas-e-establecementos-turisticos?langId=gl_ES)

O número de vivendas de uso turístico por provincias e por concellos é o seguinte:

|                               |             |                        |     |
|-------------------------------|-------------|------------------------|-----|
| <b>A Coruña</b>               | <b>1578</b> | Lousame                | 2   |
| A Baña                        | 1           | Malpica de Bergant ños | 48  |
| A Coruña                      | 141         | Mañón                  | 9   |
| A Laracha                     | 7           | Mazaricos              | 4   |
| A Pobra do Caramiñal          | 28          | Melide                 | 1   |
| Abegondo                      | 2           | Miño                   | 47  |
| Ames                          | 20          | Monfero                | 1   |
| Aranga                        | 1           | Mugardos               | 3   |
| Ares                          | 14          | Muros                  | 51  |
| Arteixo                       | 6           | Muxía                  | 40  |
| Arzúa                         | 16          | Narón                  | 2   |
| As Pontes de García Rodríguez | 1           | Negreira               | 2   |
| Bergondo                      | 9           | Noia                   | 7   |
| Betanzos                      | 6           | O Pino                 | 13  |
| Boimorto                      | 2           | Oleiros                | 28  |
| Boiro                         | 51          | Ordes                  | 1   |
| Boqueixón                     | 2           | Oroso                  | 5   |
| Brión                         | 5           | Ortigueira             | 23  |
| Cabana de Bergant ños         | 39          | Outes                  | 14  |
| Cabanas                       | 2           | Oza-Cesuras            | 5   |
| Camariñas                     | 52          | Paderne                | 1   |
| Cambre                        | 2           | Padrón                 | 7   |
| Carballo                      | 20          | Ponteceso              | 29  |
| Cariño                        | 20          | Pontedeume             | 17  |
| Carnota                       | 98          | Porto do Son           | 42  |
| Cedeira                       | 33          | Rianxo                 | 9   |
| Cee                           | 27          | Ribeira                | 49  |
| Cerceda                       | 1           | Rois                   | 1   |
| Coirós                        | 1           | Sada                   | 21  |
| Corcubión                     | 14          | San Sadurniño          | 1   |
| Coristanco                    | 1           | Santiago de Compostela | 246 |
| Culleredo                     | 1           | Santiago               | 1   |
| Dodro                         | 2           | Sobrado                | 3   |
| Dumbría                       | 15          | Teo                    | 6   |
| Fene                          | 5           | Touro                  | 2   |
| Ferrol                        | 14          | Val do Dubra           | 3   |
| Fisterra                      | 91          | Valdoviño              | 15  |
| Laxe                          | 49          | Vedra                  | 2   |
|                               |             | Vilarmador             | 3   |
|                               |             | Vimianzo               | 13  |
|                               |             | Zas                    | 2   |

| <b>Lugo</b>        | <b>588</b> | <b>Ourense</b>           | <b>97</b> |
|--------------------|------------|--------------------------|-----------|
| A Pobra do Brollón | 2          | A Arnoia                 | 1         |
| Abadín             | 1          | A Bola                   | 1         |
| Baralla            | 2          | A Teixeira               | 2         |
| Barreiros          | 174        | Allariz                  | 7         |
| Begonte            | 1          | Amoeiro                  | 1         |
| Burela             | 22         | Barbadás                 | 3         |
| Castroverde        | 1          | Boborás                  | 1         |
| Cervantes          | 1          | Castro Caldelas          | 1         |
| Cervo              | 10         | Cenlle                   | 2         |
| Cospeito           | 1          | Chandrexa de Queixa      | 1         |
| Folgozo do Courel  | 1          | Coles                    | 3         |
| Foz                | 144        | Cortegada                | 1         |
| Friol              | 1          | Esgos                    | 1         |
| Lourenzá           | 7          | Leiro                    | 1         |
| Lugo               | 28         | Lobeira                  | 2         |
| Mondoñedo          | 11         | Lobios                   | 1         |
| Monforte de Lemos  | 7          | Muíños                   | 4         |
| Muras              | 1          | Nogueira de Ramuín       | 1         |
| O Incio            | 2          | O Carballiño             | 4         |
| O Páramo           | 2          | Ourense                  | 34        |
| O Saviñao          | 2          | Parada de Sil            | 1         |
| O Vicedo           | 20         | Petín                    | 1         |
| Palas de Rei       | 1          | Porqueira                | 1         |
| Pantón             | 10         | Rairiz de Veiga          | 1         |
| Paradela           | 1          | Ribadavia                | 12        |
| Portomarín         | 4          | San Cibrao das Viñas     | 1         |
| Ribadeo            | 46         | San Cristovo de Cea      | 2         |
| Riotorto           | 1          | Trasmiras                | 1         |
| Samos              | 1          | Verín                    | 1         |
| Sarria             | 12         | Vilamartín de Valdeorras | 1         |
| Trabada            | 2          | Vilar de Barrio          | 1         |
| Triacastela        | 2          | Vilariño de Conso        | 1         |
| Vilalba            | 1          | Xunqueira de Ambía       | 1         |
| Viveiro            | 57         |                          |           |
| Xermade            | 2          |                          |           |
| Xove               | 7          |                          |           |

|                      |             |
|----------------------|-------------|
| <b>Pontevedra</b>    | <b>2367</b> |
| A Cañiza             | 3           |
| A Estrada            | 5           |
| A Guarda             | 28          |
| A Illa de Arousa     | 42          |
| A Lama               | 5           |
| Arbo                 | 1           |
| Baiona               | 58          |
| Barro                | 2           |
| Bueu                 | 97          |
| Caldas de Reis       | 14          |
| Cambados             | 26          |
| Campo Lameiro        | 1           |
| Cangas               | 126         |
| Catoira              | 2           |
| Cerdedo-Cotobade     | 5           |
| Covelo               | 2           |
| Cuntis               | 3           |
| Forcarei             | 4           |
| Gondomar             | 12          |
| Lalín                | 3           |
| Marín                | 29          |
| Meaño                | 12          |
| Meis                 | 11          |
| Moaña                | 15          |
| Mondariz             | 4           |
| Mondariz-Balneario   | 2           |
| Moraña               | 5           |
| Mos                  | 2           |
| Nigrán               | 53          |
| O Grove              | 169         |
| O Porriño            | 3           |
| O Rosal              | 5           |
| Oia                  | 11          |
| Pazos de Borbén      | 1           |
| Poio                 | 132         |
| Ponte Caldelas       | 9           |
| Ponteareas           | 2           |
| Pontevedra           | 59          |
| Portas               | 1           |
| Redondela            | 13          |
| Ribadumia            | 8           |
| Salceda de Caselas   | 1           |
| Salvaterra de Miño   | 6           |
| Sanxenxo             | 1117        |
| Silleda              | 4           |
| Soutomaior           | 4           |
| Tomiño               | 6           |
| Tui                  | 5           |
| Valga                | 3           |
| Vigo                 | 135         |
| Vila de Cruces       | 2           |
| Vilaboa              | 6           |
| Vilagarcía de Arousa | 52          |
| Vilanova de Arousa   | 41          |
| <b>Total xeral</b>   | <b>4630</b> |

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez


Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/02/2018 10:29**  
**Nº Rexistro: 24763**  
Data envío: 01/02/2018 10:29:51.249

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2018 10:29:26**



PARLAMENTO  
DE GALICIA

## BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727